

CURSO 2018-2019

Proxecto lingüístico do IES “Félix Muriel”

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN.....	4
1.1. Análise do contexto.....	6
1.2. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CONTORNO.....	8
1 1) O Contexto sociolingüístico do centro.....	8
2 2) Análise sociolingüística do IES Félix Muriel.....	9
1 GRÁFICOS:.....	10
2 ANÁLISE DOS GRÁFICOS:.....	30
2 AS LINGUAS A EMPREGAR NAS DIFERENTES ÁREAS.....	37
2.1 DETERMINACIÓN DA LINGUA VEHICULAR NA ESO.....	38
2.2. DETERMINACIÓN DA LINGUA VEHICULAR EN BACHARELATO.....	44
2.3. DETERMINACIÓN DA LINGUA VEHICULAR NO CICLO.....	48
2.3. 1. 1º CURSO.....	49
2.3. 2. 2º CURSO.....	49
3 MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS (2018-2019).....	50
4 OBXECTIVOS XERAIS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CURSO 2018-2019.....	53
4.1. OBXECTIVOS XERAIS:.....	53
4.2 PROGRAMACIÓN DO EDLG.....	56
5 PROPOSTAS XERAIS PARA DESENVOLVER NO CENTRO.....	59
6 TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL).....	61
6. 1 INTRODUCCIÓN.....	61
6.2. O TIL no IES “Félix Muriel”	62
6.2.1. ACORDOS.....	65
6.2.1.1 ACORDOS SOBRE METODOLOXÍA.....	65
6.2.1.2 ACORDOS SOBRE OS MATERIAIS QUE VAI USAR O ALUMNADO.....	67
6.2.1.3 ACORDOS SOBRE RECURSOS DIDÁCTICOS.....	67
1 6.2.1.4 ACORDOS SOBRE A TERMINOLOXÍA.....	68
2 a) MORFOLOXÍA.....	68
3 B- SINTAXE.....	69
6.2.1.5 ACORDOS SOBRE CONTIDOS E REPARTO DOS MESMOS.....	72
6.2.1.6 ACORDOS SOBRE INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	76
6.2.1.8 ACORDOS SOBRE A AVALIACIÓN INICIAL.....	76
6.2.1.9 ACORDOS SOBRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	78
6.2.1.10 OUTROS ACORDOS.....	80
6.2.2 PROXECTOS TIL:.....	80
6.2.3 PROPOSTAS PARA O FUTURO:.....	82
6.2.3.1 Coincidencia dos períodos literarios e históricos:.....	82
6.2.3.2 Acordos para establecer criterios comúns para a elección de lecturas obrigatorias e opcionais e para a avaliación destas.....	82
6.2.4 ANEXOS:.....	82

1 INTRODUCCIÓN

O presente documento é o Proxecto lingüístico dun centro de Educación Secundaria Obrigatoria de titularidade pública, situado nun concello rural da provincia da Coruña elaborado conforme a lexislación vixente neste momento, o Decreto 124/2007 que regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

Este Proxecto Lingüístico parte da análise da realidade lingüística do contorno do IES Félix Muriel de Rianxo, que -adiantamos xa desde agora- que é maioritariamente galegofalante pero onde o galego sofre aínda unha situación de minorización que cómpre tentar atallar.

A técnica empregada para a análise foi a que os expertos recomendan como máis adecuada para determinar usos lingüísticos: a enquisa. A primeira enquisa sociolingüística levada a cabo entre o alumnado e profesorado no centro realizouse no curso 2002-2003, logo desenvolvemos enquisas parciais nas aulas entre o alumnado. No curso 2007-2008 realizamos outra análise de usos mediante enquisas cun modelo semellante ó anterior ó que lle introducimos algúns ítems propostos no modelo exposto en Iglesias de la Fuente (2007a). Durante o curso 2008-2009 repetimos a enquisa do profesorado entre aquel que chegou novo ó centro e volvemos pasarlle o inquérito a todo o alumnado do centro a través das aulas de lingua galega e literatura. Neste caso só se optou polas preguntas de usos, xa que as de actitudes que ían en enquisas anteriores constatamos que tiñan pouca veracidade.

Ademais da enquisa de alumnado e profesorado, elaboramos –xa no curso 2007-2008 unha enquisa para os pais do alumnado que nos serviu para contrastar a información sobre os usos que o propio alumnado nos facilitou. Neste curso 18/19 realizamos a enquisa só entre o alumnado de 1º ESO e entre os pais e nais destes, o obxectivo foi analizar a evolución que nestes anos tivo o uso da lingua galega.

Neste mesmo documento tamén se recollen:

- a- Proposta de uso do galego nas diferentes materias impartidas no centro.
- b- As medidas de apoio e reforzo para profesorado e alumnado na procura dun correcto desenvolvemento da actividade docente.
- c- Relación de actividades de dinamización lingüística para o presente curso académico.

A cidade máis próxima é Santiago de Compostela, onde o índice de castelanización non é dos máis altos de entre as urbes galegas e a onde se tarda en chegar arredor dunha hora. As vilas do contorno: Padrón, Boiro, A Pobra, Ribeira e Vilagarcía están moito máis castelanizadas ca Rianxo.

Durante os últimos anos téñense detectado moitas representacións e actitudes negativas entre o alumnado, por iso tamén consideramos a posibilidade de estudalas en detalle para así poder facerlle fronte. Existen técnicas que dan moi bo resultado neste sentido, como os Grupos de discusión, pero que non se prestan para realizar nun centro de ensino. Isto é debido a un conxunto de razóns, radicando unha delas na dificultade de atopar un mínimo de 5 persoas totalmente descoñecidas no contexto de referencia. Isto provoca que deixemos na man do profesorado especialmente no de lingua galega e literatura a súa análise nas aulas a través de exercicios e actividades diversas destinadas a conseguir descubrir cales son as actitudes negativas máis comúns.

Algunhas destas actividades poden ser similares ás usadas no estudo *O galego segundo a mocidade* realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega: a) a escoita de gravacións de persoas falando galego dunha variante dialectal e outras con galego estándar para que indiquen tamén con que estereotipo de persoa o asocian; b) a presentación de fotos de persoas que representen os habitantes do rural, da cidade, diferentes clases sociais e que lle asignen un idioma.

Tamén cómpre ter presente que no conxunto da sociedade galega existen unha serie de atrancos que impiden que as planificacións lingüísticas coma esta acaden o éxito esperado. Algúns destes serían:

- 1- Existencia de prexuízos sobre a viabilidade do idioma galego
- 2- Actitudes de rexeitamento e contrarias a que o galego acrecente a súa presenza nas aulas dos centros de ensino.
- 3- Inexistencia de material didáctico suficiente en lingua galega, incluso para as materias que se deben impartir nesa lingua.
- 4- Falta de compromiso e apoio da maioría dos medios de comunicación de masas.
- 5- Falta de interese e suficiente apoio institucional por parte das administracións para impulsar realmente o traballo dos ENDL nos centros de ensino (asignando horas ós membros dos equipos), así como o apoio suficiente a medidas serias que se poidan establecer en proxectos coma este (por exemplo facilitar profesorado de apoio suficiente para alumnado con dificultades).

1.1. Análise do contexto

Para realizar calquera tipo de planificación lingüística temos que saber de onde partimos e así poder marcar os obxectivos a acadar. Deste xeito, para perfilar as medidas que haxa que incorporar a este plan, así coma á programación do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro (de aquí en diante ENDL) é imprescindible determinar a situación sociolingüística do IES, para o que imos presentar a análise segundo os puntos recomendados por Iglesias de la Fuente (2007b: 45-50), de onde tiramos tamén uns índices segundo as fórmulas indicadas, aínda que xa adiantamos que tales índices non nos parecen que sexan significativos por non se axustaren ben á realidade.

Ámbito socioeconómico e cultural

Situación

Rianxo está situado ó sur da Provincia da Coruña, sobre a marxe dereita do Río Ulla e da Ría de Arousa, na desembocadura do río na ría. A menos de 50 km. de Santiago de Compostela, e a 150 km. da capital de provincia máis afastada (Ourense), linda ó norte cos Concellos de Lousame e Rois, ó oeste con Boiro, ó leste con Dodro e ó sur coa Ría de Arousa.

Xeografía Física

Orografía

O Concello conta cunha extensión de 58,8 km². As marxes Sur e Oeste son costeiras, con zonas de praia e outras rochosas e de cantís. Presenta dous grandes grupos montañosos entre os que discorre o amplo val do Río Te: os montes do Treito, 678 m. no Pico Muralla, e os montes da Lioira (276 m.) e A Pena (218 m).

Clima

Tipo atlántico húmido, con invernos suaves e veráns frescos. Vexetación variada, predominando monte de pino e eucalipto, monte baixo de silva, xesta e toxo, e zonas de carballos, salgueiros, abeleiras e castiñeiros sobre todo preto dos ríos.

Xeografía Política

Poboación

Hábitat disperso, ó longo do val do Río Te e máis da costa, cun censo total de 11188 habitantes (2017 - INE), e gran cantidade de aldeas e casas illadas.

Datos socioeconómicos:

Poboación (Padrón)

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
De 0 a 20 anos	16,01%	16,97%	15,10%	2017	IGE
De 20 a 64 anos	58,65%	60,68%	56,71%	2017	IGE
De 65 e máis anos	25,34%	22,36%	28,19%	2017	IGE
Poboación estranxeira	100	47	53	2017	IGE

Movemento natural de poboación:

Movemento natural de poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Nacementos	76	36	40	2017	IGE – INE
Defuncións	131	70	61	2017	IGE – INE
Matrimonios	33			2017	IGE – INE
Saldo vexetativo	-55			2017	IGE – INE

Movements migratorios:

Movements migratorios	Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte
Á mesma provincia	140	121	2017	INE
A outra provincia	45	33	2017	INE
A outra comunidade	45	47	2017	INE
Estranxeiro	33	40	2017	INE

Como se pode observar a través dos datos o movemento migratorio aínda non é moi intenso, comparado con outras zonas de Galicia e non existe, por agora, un aumento considerable da poboación estranxeira que descoñece non só o galego senón tamén o castelán.

División administrativa

O Concello consta de 6 parroquias: Araño, Asados, Isorna, Leiro, Rianxo e Taragoña.

Economía

Predomina o sector primario (agricultura, explotación forestal, gandería), e sobre todo a pesca, onde destacan marisqueo (berberecho e ameixa), cultivo de mexillón, e pesca de baixura (sobre todo sardiña e xouba). A maior presenza industrial é a conserveira. Nos últimos anos produciuse un notable incremento turístico que influíu notable e positivamente na economía, chegando nos meses estivais case a duplicarse a poboación. Gran oferta de festas variadas, actos culturais e ofertas deportiva

Na seguinte táboa resúmense os datos económicos máis importantes do concello:

Actividade económica	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Taxa de paro	604	266	338	2018	IGE

Paro por sectores	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Agricultura/ Pesca	21	14	7	2018/agosto	IGE
Industria	151	53	98	2018/agosto	IGE
Construción	85	74	11	2018/agosto	IGE
Servizos	306	106	200	2018/agosto	IGE
Sen emprego anterior	41	19	22	2018/agosto	IGE

1.2. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CONTORNO

1) O Contexto sociolingüístico do centro

O contexto sociolingüístico do centro é basicamente galegófono a nivel oral no rexistro coloquial, pero cómpre puntualizar isto co tema das actitudes que teñen cara á lingua propia que provoca que a maioría abandonen a súa lingua fóra do seu contexto habitual.

Os datos sobre usos das familias dos alumnos escolarizados (lingua habitual, lingua de aprendizaxe ós fillos...) poden verse na epígrafe referida á situación do alumnado. Con todo, aquí imos presentar os datos de actitudes que demostran que se trata dunha poboación diglósica, é dicir, que emprega o galego en situacións orais en contextos coloquiais pero tende ó uso do castelán en contextos formais e sobre todo na escrita, onde non adoita ter dominio do galego (a maioría da poboación rianxeira ten un nivel sociocultural medio-baixo).

- **Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias**

A lingua empregada nas interaccións comunitarias a nivel oral é o galego. De tódolos xeitos, tal e como se precisou no punto anterior, hai unha diferenza entre o nivel escrito e o oral e entre o rexistro culto e o coloquial.

- **Lingua empregada polo Concello**

O Concello de Rianxo emprega en xeral o galego, tanto na súa comunicación interna coma externa. As actividades de máis difusión que saen da Casa de Cultura ou das Escolas deportivas adoitan realizarse en galego. Na enquisa pasada ós pais, preguntábase sobre esta cuestión e contestaron o seguinte:

- **Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno**

Existen asociacións culturais parroquiais que empregan maioritariamente o galego en moitas das súas actividades (obras de teatro por exemplo). A nivel interno teñen presenza as dúas linguas, dependendo de cal sexa a dos seus membros, predominando o uso do galego.

2) Análise sociolingüística do IES Félix Muriel

- **A situación do alumnado**

O alumnado en Rianxo é, na súa gran maioría, galegofalante, tanto no seu ámbito familiar, na súa vida cotiá coma no ámbito escolar. Desta premisa xa partiamos dado que era unha evidencia obtida dos resultados do estudo das enquisas pasadas entre o alumnado no curso 2002-2003, así como dalgúñas enquisas de aula levadas a cabo polo profesorado de lingua galega e mais a propia observación dos membros do profesorado encargado desta análise.

Ó longo do curso 2007-2008 realizamos enquisas entre o alumnado pero tamén lles mandamos cuestionarios para as familias que foron distribuídos coa mediación dos titores/as dos diferentes grupos-clase empregando unha mostra aleatoria simple, similar á que xa utilizamos para a do alumnado. No curso 2010-2011 volvemos realizar unha enquisa entre a totalidade do alumnado de 1º e 3º da ESO. Tamén escollemos unha mostra de 1º de Bacharelato, mais non era unha mostra significativa.

Aínda que se constatou que a lingua familiar e habitual do alumnado e das familias é na súa maioría o galego, existen -no entanto- perfís sociolingüísticos diversos, pois tamén hai familias castelanfalantes (escasas) e outras nas que pais galegofalantes lles falan castelán ós fillos/as

(circunstancia cada vez máis preocupante porque aumenta considerablemente). Imos ver isto en detalle:

No que lle atinxe á **lingua inicial, baixou alarmantemente** o alumnado que tiña o galego como lingua inicial. Na enquisa realizada no curso 2007-2008 un 70 % do alumnado de 1º ESO afirmaba ter aprendido a falar en lingua galega. No 2011-12 tiñamos case un 56,6% do alumnado que declaraba que aprendera a falar en galego, fronte a un 7,55% que o fixo en castelán. No curso 2014-2015 aprendeu a falar en galego un 52,7 % e en castelán un 20,4 % e agora no curso 2018-2019 confírmase a perda de falantes, aumentando considerablemente o alumnado que aprendeu a falar só en castelán (ver gráficas 1 e 2).

1 GRÁFICOS:

Gráfico 1: Lingua inicial na enquisa 2014-2015





Gráfico 2: Lingua inicial na enquisa 2018-2019



LINGUA HABITUAL

No que respecta á **lingua habitual** entre a maioría do alumnado do IES tamén é o galego, tanto na familia coma na escola. A porcentaxe de rapaces que falan “galego” ou “máis galego” cos diferentes membros da súa familia é claramente superior á porcentaxe dos que utilizan “castelán” ou “máis castelán” como se percibe no seguinte gráfico.

Gráfico 3: Que lingua falas habitualmente co teu pai 2014-2015




Gráfico 4: Que lingua falas habitualmente co teu pai 2018-2019




Gráfico 5: Que lingua falas habitualmente coa túa nai 2014-2015




Gráfico 6: Que lingua falas habitualmente coa túa nai 2018-2019




Gráfico 7: Que lingua falas habitualmente cos teus irmáns 2014-2015

Lingua que falas cos teus irmáns/ás




Gráfico 8: Que lingua falas habitualmente cos teus irmáns 2018-2019

Que lingua falas cos teus irmáns? (18/19)




Gráfico 9: Que lingua falas habitualmente cos avós paternos 2014-2015




Gráfico 10: Que lingua falas habitualmente cos avós paternos 2018-2019




Gráfico 11: Que lingua falas habitualmente cos avós maternos 2014-2015




Gráfico 12: Que lingua falas habitualmente cos avós maternos 2018-2019




Gráfico 13: Que lingua falas habitualmente coa familia 2014-2015




Gráfico 14: Que lingua falas habitualmente coa familia 2018-2019




Gráfico 15: Que lingua falas habitualmente no instituto 2014-2015




Gráfico 16: Que lingua falas habitualmente no instituto 2018-2019

Que lingua utilizas habitualmente no instituto? (18/19)




Gráfico 17: Que lingua falas habitualmente noutros ámbitos? 2014-2015





Gráfico 18: Que lingua falas habitualmente noutros ámbitos? 2018-2019



VALORACIÓN DA COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN NAS DÚAS LINGUAS

Gráfico 19: Valora a túa comprensión e expresión en lingua galega 2014-2015




Gráfico 20: Valora a túa comprensión e expresión en lingua galega 2018-2019




Gráfico 21: Valora a túa comprensión e expresión en lingua castelá 2014-2015:




Gráfico 22: Valora a túa comprensión e expresión en lingua castelá 2018-2019:

Valoración da expresión e comprensión en lingua castelá (18/19)




Gráfico 23: Valoración de enunciados 2014-2015:





Gráfico 24: Valoración de enunciados 2018-2019:

Valoración de enunciados (18/19)



2 ANÁLISE DOS GRÁFICOS:

LINGUA HABITUAL (GRÁFICOS 1 – 14)

No que respecta á **lingua habitual** entre a maioría do alumnado do IES é o galego, tanto na familia coma na escola. A porcentaxe de rapaces que falan “galego” ou “máis galego” cos diferentes membros da súa familia é claramente superior á porcentaxe dos que utilizan “castelán” ou “máis castelán” como se percibe nos gráficos; mais é moi importante a perda de falantes em galego nun prazo reducido de tempo (4 anos)

NA FAMILIA:

Se examinamos estes con maior atención, observamos que a menor porcentaxe de usos do galego dáse nas comunicacións entre **irmáns** (47,92% nas enquisas do curso 14/15 e 37,2% nas do curso 18/19 e a maior cos **avós maternos** (53,06% nas enquisas do curso 14/15 e 48,9% nas do curso 18/19) e cos **avós paternos** (49,48% nas enquisas do curso 14/15 e 44,7% nas do curso 18/19)

No curso 2007-2008, os usos de “só galego” do noso alumnado superaban o 45% con tódolos membros da súa familia. Só houbo un 20% que declarou falar castelán cos pais (18% só castelán, 2 % maioritariamente castelán). Neste curso, varias porcentaxes son inferiores ao mínimo sinalado com anterioridade (cos irmáns: 37,2%, coa túa nai: 44,7%, cos avós paternos: 44,7%)

NO INSTITUTO:

Tamén se preguntou pola lingua habitual no centro de ensino. Ante a pregunta: **Que lingua falas habitualmente no instituto?** púxose de manifesto un claro dominio do uso do galego no centro educativo, agás co profesorado castelán falante, co que a porcentaxe de alumnos que manteñen a súa lingua é claramente baixo (7,4% usa só galego e un 4,3 % usa máis o galego).

Neste apartado ao comparar as enquisas do 14/15 e as do 18/19 tamén se pon de manifesto a perda de falantes galegos, sobre todo [c@s](#) compañeir@s:

- [c@s amig@s](#) (46,39 % no 14/15, 46,8% no 18/19)
- [c@s compañeir@s](#) (46,39 % no 14/15, 42,6% no 18/19)
- [c@s profesor@s](#) galegofalantes (66,32 % no 14/15, 71,3% no 18/19)
- [c@s profesor@s](#) castelanfalantes (23 % no 14/15, 7,4% no 18/19)
- co persoal non docente (50,52 % no 14/15, 41,5% no 18/19)
- [c@s compañeir@s](#) galegofalantes (62,24 % no 14/15, 61,7% no 18/19)
- [c@s compañeir@s](#) castelanfalantes (34 % no 14/15, 27,7% no 18/19)

NOUTROS ÁMBITOS:

Percíbese un uso menor de galego noutros ámbitos que no ámbito familiar e no ámbito escolar. Debemos sinalar que neste gráfico móstrase unha diferenza importante no uso da lingua dependendo de si esta se utiliza:

- **dentro da vila:**
 - nos establecementos
 - (51,02% só galego, 14,29% máis galego nas enquisas do 14/15)
 - (44,7% só galego, 17% máis galego nas enquisas do 18/19)
 - ou no médico ;
 - (46,39% só galego, 13,4% máis galego nas enquisas do 14/15)
 - (42,6% só galego, 13,8 % máis galego nas enquisas do 18/19)
- **fóra dela** (nos establecementos da cidade)
 - (48,45% só galego, 9,28% máis galego nas enquisas do 14/15)
 - (37,2 % só galego, 13,8 % máis galego nas enquisas do 18/19)
- ou **con persoas descoñecidas:**
 - (46,39% só galego, 13,4% máis galego nas enquisas do 14/15)
 - (33% só galego, 8,5 % máis galego nas enquisas do 18/19)

Lamentablemente o que queda claro é a perda de galegofalantes

A última parte da enquisa estaba dedicada a coñecer as actitudes. Dunha banda pedíase que valorasen as súas competencias lingüísticas e doutra que indicasen o seu grao de acordo con respecto a afirmacións actitudinais.

VALORACIÓN DA EXPRESIÓN E COMPRENSIÓN

En xeral os alumnos consideran que a súa expresión e comprensión son boas como reflicten os resultados das enquisas (**gráficos 19-22**)

		castelán		galego	
		Boa	Moi boa	Boa	Moi boa
Comprensión	oral	37,20%	34,00%	44,70%	28,70%
	escrita	41,50%	31,90%	45,70%	17,00%
Expresión	oral	39,40%	26,60%	50,00%	21,30%
	escrita	51,10%	22,30%	44,70%	18,10%

Se facemos unha comparativa na valoracións das dúas linguas, obtemos que consideran que a súa comprensión e expresión son mellores en castelán que en galego; isto pode deberse a que socialmente se utiliza máis o castelán no rexistro culto e o galego no rexistro coloquial. Tamén é necesario ter en conta que a maior parte dos contidos que lles chegan están en castelán (televisión, prensa, radio, internet...) Con todo isto, ponse de manifesto unha vez máis a existencia de prexuízos que profundizan e agudizan na situación de diglosia que padece o galego fronte ao castelán.

VALORACIÓN DE ENUNCIADOS

Na **comparativa** dos gráficos 23 e 24 de valoración de enunciados percibimos que os datos amosan un incremento importantísimo dos prexuízos cara o uso da lingua galega que o

alumnado manifesta inconscientemente, pois pese a considerar maioritariamente que o “galego se debe conservar” (85,1% no 18/19 e 74,68% no 14/15), e que o “galego é válido “ (79,8% no 18/19 e 65,82% no 14/15), só a unha porcentaxe pequena :

- (19,1% no 18/19 e 34,18% no 14/15) “lle gustan os videoxogos en galego”,
- (36,2% no 18/19 e 34,57% no 14/15) “parécelle que ten éxito quen fala en galego”,
- (24,5% no 18/19 e 25,93% no 14/15) “lle parece apropiado para ligar”,
- (28,7% no 18/19 e 36,71% no 14/15) considera que “aprende mellor se o fai en galego” e
- (34% no 18/19 e 43,21% no 14/15) prefire clases en galego,

Con isto, poñemos de manifesto que se incrementaron de maneira alarmante os prexuízos cara a lingua galega, o que é causa de perda de falantes nesta lingua.

No gráfico 24 percíbense claramente os prexuízos que lamentablemente teñen os falantes con respecto á súa propia lingua.

Pese que un amplo número de alumnos (79.8%) considera que o galego é válido, non consideran necesario que deba estar presente en situacións cotiás da vida como se pode entrever das valoracións dadas aos seguintes enunciados:

- **Existencia de videoxogos en galego;** só un 19,1% considera imprescindible a súa existencia, polo que aceptan, aparentemente, que estes estean en castelán ou noutros idiomas, sen seren traducidos ao galego, idioma no que a maior deles comezaron a falar e no que se comunican habitualmente.
- **O galego é adecuado para falar na cidade.** As porcentaxes demostran un claro prexuízo cara o galego, só un 53.2 % dos alumnos considéranlo un bo vehículo de comunicación na cidade, a esta porcentaxe poderíamos engadir un 12,8% que o considerarían adecuado, mais con reservas.
- **O galego débese conservar.** Neste punto hai unha clara preferencia pola conservación.

- **Ten éxito quen fala galego. / É apropiado para ligar.** Nestes apartados hai unha gran heteroxeneidade de respostas, polo que semella que non asocian o galego cun idioma falado por persoas de éxito, o cal indicaría un claro prexuízo de cara a lingua.
- **Hai que aprendelo na escola. / Paréceme ben que estuden galego.** Curiosamente, pese a que a maior parte do alumnado considera que se debe aprender na escola (83%) e lles parece ben que estuden en galego (78,7%), unha porcentaxe moi baixa aprende mellor se lle ensinan en galego (28,7%) e poucos son os que prefiren as clases en galego (34%) De novo un prexuízo lingüístico.
- **Aprendo mellor se me ensinan en galego.** O 33 % reconece que aprende ben en ámbalas dúas linguas (galego e castelán) e o 28,7 % considera que aprende mellor en galego.

- **Prefiro as clases en galego.** Neste punto hai unha baixada moi importante na valoración das clases en galego, posto que no ano 14/15 a maior parte dos alumnos (62.5%) preferiría as clases en galego e no ano 18/19 só un 34% as prefire.

- **A situación do persoal non docente (conserxería, secretaría, persoal de limpeza)**

O persoal de conserxería entende e fala a nosa lingua.

O persoal de secretaría está na mesma situación: entenden e falan sen ningunha dificultade aínda que unha das persoas non teña o galego como lingua habitual. Con todo, ámbalas dúas converxen cara ó castelán con profesorado castelanfalante e nas interaccións entre elas, xa sexa a nivel laboral ou persoal.

O persoal de limpeza entende e fala o galego, expresándose habitualmente na nosa lingua.

Na cafetería o persoal tamén é galegofalante.

- **A ambientabilidade lingüística do centro**

Os datos expostos nesta epígrafe derivan dunha análise desta cuestión mediante a técnica da observación, realizada polos membros do ENDL durante o curso pasado 2017-18, análise que imos continuar realizando este curso e que achegaremos a este documento se procedese.

Coa información obtida ata o momento, resaltamos os seguintes datos básicos para o deseño do presente proxecto lingüístico:

- Na documentación administrativa do centro emprégase o galego. As notas informativas dos taboleiros e os rotulados tamén adoitan estar en lingua galega.
- A lingua para a comunicación oral e escrita co alumnado, familias e outras institucións adoita ser o galego cando parte da dirección do centro. Cando se trata de comunicación por parte do persoal non docente ou do profesorado depende da lingua empregada por cadaquén.
- Nos contextos informais a lingua mantida co alumnado por parte das persoas adultas do centro depende -normalmente- da súa lingua habitual. Con todo, hai membros do

profesorado que empregan o castelán na súa vida cotiá e tentan falar en galego co alumnado galegofalante.

- A ANPA emprega as dúas linguas, pero as súas comunicacións escritas están maioritariamente redactadas en galego.
- Nas actividades extra-escolares emprégase a lingua propia dos organizadores/as. Aínda que é necesario apuntar que á parte da organización das mesmas, levada a cabo desde vice-dirección faise en galego.
- A dotación de fondos en galego na biblioteca é bastante menor cá de castelán se atendemos á proporcionalidade. De tódolos xeitos, este fondo ampliouse nos últimos anos e tentárase que siga aumentando. Destaca sobre todo o incremento de obras pertencentes a outras materias -diferentes á de lingua galega e literatura- editadas na nosa lingua.
- A páxina web do centro redactase en galego .
- As accións do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística son visibles, dado que levan anos elaborando unha programación que abarca a totalidade do alumnado do centro, tendo ademais sempre actuacións para o profesorado, persoal non docente e entidades exteriores ó IES das que nalgunha ocasión se deu conta nos medios de comunicación.

De todo isto despréndese que o galego ten bastante presenza no ambiente lingüístico do centro.

2 AS LINGUAS A EMPREGAR NAS DIFERENTES ÁREAS

A partir da análise feita na anterior epígrafe e de acordo coa normativa vixente que regula os usos da lingua galega como lingua de ensino nos centros docentes non universitarios, o presente Proxecto Lingüístico de Centro establece as materias que se van impartir en galego no presente curso escolar.

Partindo da necesidade de que este documento sexa de consenso, a comisión encargada da redacción do PLC do IES Félix Muriel, solicitou información aos diferentes departamentos, co fin de elaborar os cadros que aparecen a continuación. Nesta distribución, temos presentes os seguintes puntos:

- 1- O galego é a lingua minorizada na nosa comunidade e tamén no noso contorno, onde o alumnado e as familias son maioritariamente galegofalantes pero con grandes prexuízos cara á lingua propia e con eivas importantes no seu rexistro culto. Isto quedou patente na análise sociolingüística realizada, así como na análise feita para o proxecto lector onde quedou en evidencia unha menor competencia en galego ca en castelán.
- 2- O D.79/2010 di o seguinte ao respecto desta cuestión:

Artigo 7º, 2: As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia

Artigo 7º, 4: Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

- 3- A prioridade dalgunha das dúas linguas nalgúns dos cursos é meramente aparente, posto que non aparecen en ditos cadros as linguas estranxeitas

que desenvolven parte das súas clases utilizando as linguas cooficiais dentro da comunidade, axudando cos seus usos lingüísticos a equidade na distribución. Tamén neste punto é necesario mencionar que o material utilizado en moitas das materias que teñen como lingua oral o galego usan materiais impresos en lingua castelá, dada a falta de recursos en lingua galega.

2.1 DETERMINACIÓN DA LINGUA VEHICULAR NA ESO

CURSO: 1º ESO

Número total de períodos lectivos semanais: 32

		1ºESO					
		A	B	C	D	TOT GALEGO	
XEOG. Hª	3	1	1	1	1	12	
BIOLOXÍA	4	1	1	1	1	16	
LCAST	3	0	0	0	0	0	
LGALEGA	3	1	1	1	1	12	
EPV	2	0	0	1	1	4	
EFÍSICA	2	1	1	1	1	8	
REL/VET	1	1	1	1	1	4	
MATEM	5	0	0	0	0	0	
						56	
		Por lei en castelán			GALEGO		60,87
		Por lei en galego			CASTELÁ		39,13

CURSO: 2º ESO

Número total de períodos lectivos semanais: 32

		2ºESO					
		A	B	C	D	TOT GALEGO	
XEOG. Hª	3	1	1	1	1	12	
FÍSICA EQUIV	3	0	0	0	0	0	
L CAST	3	0	0	0	0	0	
LGALEGA	3	1	1	1	1	12	
TECNOLOXÍA	3	0	0	0	0	0	
MÚSICA	2	1	1	1	1	8	
EFÍSICA	2	1	1	1	1	8	
CIDADANÍA	1	1	1	1	1	4	
REL/VET	1	1	1	1	1	4	
MATEM	5	0	0	0	0	0	
						48	
	Por lei en castelán					GALEGO	46,15
	Por lei en galego					CASTELÁ	53,85

CURSO: 3º ESO

Número total de períodos lectivos semanais: 32

		3º ESO					
		A	B	C	D	TOT GALEGO	
XEOG. Hª	3	1	1	1	1	12	
FÍSICA EQUIV	2	0	0	0	0	0	
L CAST	3	0	0	0	0	0	
LGALEGA	3	1	1	1	1	12	
TECNOLOXÍA	2	0	0	0	0	0	
MÚSICA	2	1	1	1	1	8	
EFÍSICA	2	1	1	1	1	8	
EPV	1	1	1	1	1	4	
REL/VET	1	1	1	1	1	4	
MATEM	4	0	0	0	0	0	
						48	
		Por lei en castelán			GALEGO		52,17
		Por lei en galego			CASTELÁ		47,83

CURSO: 4º ESO

Número total de períodos lectivos semanais: 32

		4ºESO		
		A	D	TOT GALEGO
XEOG. Hª	3	1	1	6
FÍSICA E QUIM	3	0	0	0
LCAST	3	0	0	0
LGALEGA	3	1	1	6
BIOLOXÍA	3	0	0	0
EPV	3	1	1	6
TIC	3	0		0
EFÍSICA	2	1	1	4
REL/VET	1	1	1	2
MATEM	4	0	0	0
				24
	Por lei en castelán	GALEGO		42,86
	Por lei en galego	CASTELÁ		57,14

CURSO: 4º ESO

4ºESO- B		
XEOG. Hª	3	3
CC APLICADAS	3	3
L CAST	3	0
LGALEGA	3	3
IN ACT EMP	3	3
EPV	3	3
TIC	3	0
EFÍSICA	2	2
REL/VET	1	1
MATEM	4	0
		18
	GALEGO	62,07
	CASTELÁ	37,93
	Por lei en castelán	
	Por lei en galego	

CURSO: 4º ESO

4ºESO- C		
XEOG. Hª	3	3
LATÍN	3	0
L CAST	3	0
LGALEGA	3	3
ECONOMÍA	3	3
FILOSOFÍA	3	3
TIC/EPV	3	1,5
EFÍSICA	2	2
REL/VET	1	1
MATEM	4	4
		20,5
	GALEGO	70,69
	CASTELÁ	29,31
	Por lei en castelán	
	Por lei en galego	

2.2. DETERMINACIÓN DA LINGUA VEHICULAR EN BACHARELATO

1º BAC ITINERARIO A

1ºBACH- A		
		en galego:
L CASTELÁ	3	0
L GALEGA	3	3
FILOSOFÍA	3	3
ED. FÍSICA	2	2
MATEMÁTICAS	4	4
FÍSICA E QUÍMICA	4	4
BIOLOXÍA	4	4
DEBUXO T.	4	4
DEBUXO ART	3	0
ANATOMÍA	3	3
TECN. IND.	3	3
TIC	2	0
C. CIENTÍFICA	2	2
RELIXIÓN	1	1
TÉCNICAS LABORATORIO	1	1
		34
	GALEGO	80,95
	CASTELÁ	19,05

1º BAC ITINERARIO B

1ºBACH- B		
		en galego:
L CASTELÁ	3	0
L GALEGA	3	3
FILOSOFÍA	3	3
ED. FÍSICA	2	2
MATEMÁTICAS AP	4	4
LATÍN	4	0
ECONOMÍA	4	4
DEBUXO T.		
DEBUXO ART	3	0
ANATOMÍA	3	3
GREGO	4	0
TIC	2	0
HMC	4	4
RELIXIÓN	1	1
LIT UNIVERSAL	4	0
		24
	GALEGO	54,55
	CASTELÁ	45,45

SEGUNDO DE BACHARELATO

CRITERIOS:

Partindo da base de que o galego é unha lingua minorizada, onde o alumnado galegofalante non ten dominio pleno do rexistro culto, elabórase a seguinte proposta onde tamén aparece reflectido o prexuízo cara á propia lingua.:

Manter a continuidade, na medida do posible, a respecto da lingua das materias impartidas en 1º BAC. e á traxectoria destes últimos anos no centro.

Deixar fóra –tal e como indica o Decreto- as materias de linguas: ben sexan obrigatorias, ben sexan optativas.

2ºBACH+A		
en galego:		
L CASTELÁ	3	0
L GALEGA	3	3
Hª ESPAÑA	3	0
MATEMÁTICAS	4	4
FÍSICA	4	4
BIOLOXÍA	4	4
DEBUXO T.	4	0
DEBUXO ART	3	0
QUÍMICA	4	4
PSICOLOXÍA	3	3
TIC	2	0
MEN	2	2
LIT GAL SXX	2	2

26

GALEGO	63,41
CASTELÁ	36,59

2ºBACH-B		
en galego:		
L CASTELÁ	3	0
L GALEGA	3	3
XEOGRAFÍA	4	4
MATEMÁTIC AS AP	4	4
LATÍN	4	0
ECONOMÍA	4	4
Hª DA ARTE	4	4
DEBUXO ART	3	0
Hª FILOSOFÍA	4	4
GREGO	4	0
TIC	2	0
LIT GAL SXX	2	2
RELIXIÓN	1	1
LIT UNIVERSAL	4	0
		26
GALEGO		56,52
CASTELÁ		43,48

2.3. DETERMINACIÓN DA LINGUA VEHICULAR NO CICLO

2.3. 1. 1º CURSO

CURSO	MATERIA	LINGUA	HORAS	GALEGO	
CM1	Caract. E ndades p.dep	G	6	6	
CM1	FOL	G	4	4	
CM1	Apoio domiciliario	G	9	9	
CM1	Atención e apoio psicosocial	C	9	0	
CM1	Atención Sanitaria	C	8	0	
				19	
				% GALEGO	52,78
				%CASTELÁ	47,22

2.3. 2. 2º CURSO

CM2	Organización atención p. d.	G	7	7	
CM2	Destrezas sociais	G	7	7	
CM2	Apoio á comunicación	G	5	5	
CM2	Teleasistencia	C	6	0	
CM2	Atención Hixiénica	C	5	0	
CM2	Primeiros Auxilios	C	3	0	
CM2	Empresa e In. Emp	G	3	3	
				22	
				% GALEGO	61,11
				% CASTELÁ	38,89

3 MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS (2018-2019)

Cómpre ter en conta ao **alumnado sen suficiente dominio das linguas**. Partindo da nosa situación sociolingüística, na que predomina o alumnado galegófono, os casos de alumnado con deficiencias importantes nas linguas pódennos vir por parte de alumnado estranxeiro que ten dificultades coas destrezas básicas (lecto-escritura, comprensión...) en galego, pero pode darse o caso de que as teñan tamén en castelán, ou fillos de emigrantes retornados que estiveron en parte ou en toda a súa escolarización noutras comunidades ou noutros países.

Non eludimos a posibilidade da existencia de alumnado autóctono que tamén careza das destrezas mínimas. Débese distinguir entre as medidas directas de apoio ós usos e medidas indirectas que pasan polo tratamento e reforzo das actitudes negativas, feito que redundará nunha mellora dos usos.

Nun primeiro lugar cómpre detectar as deficiencias para logo tomar as medidas oportunas.

Unha primeira medida pasa por anotar no momento da matrícula o alumnado estranxeiro que se inscribe por primeira vez no centro, así como aqueles que pode ser fillos de emigrantes retornados e leven anos escolarizados fóra de Galicia.

O departamento de orientación en colaboración co departamento de lingua galega (e se é o caso o de lingua castelá¹) van ser quen se encarguen de facer unha primeira valoración destes alumnos/as. Dentro do programa de actuación do departamento de orientación xa está a avaliación das capacidades xerais lingüísticas do alumnado de 1º ESO que chega novo ó centro e que xa vén cun informe. Tentarase tamén establecer unha coordinación cos centros de

1 No caso de haber alumnado que non teña coñecementos da lingua castelán.

procedencia do alumnado para o intercambio de información sobre o grao de coñecemento e uso do galego.

Haberá que valorar tamén as necesidades de alumnado estranxeiro que xa se incorporaran o curso pasado e facerlles un seguimento.

Con uns e con outros cómpre deseñar medidas de **tipo curricular**, é dicir, de reforzo educativo na aula, con programas específicos personalizados para cada alumno/a desde o departamento de lingua galega e literatura e/ou desde o departamento de lingua castelá e literatura. Durante o desenvolvemento do curso, **o profesorado** que imparte clases a grupos nos que hai alumnado con pouca competencia lingüística, deberá elaborar estratexias e materiais para que todos/as os alumnos/as poidan seguir o desenvolvemento das actividades lectivas con normalidade, modificar o ritmo de introdución de novos contidos e propor actividades de aprendizaxe diferentes atendendo ao devandito programa específico. Tamén estará en contacto continuo co titor, e coa comisión de seguimento do Proxecto Lingüístico para controlar a aplicación das diferentes medidas de apoio, así como programar diferentes actuacións.

Tamén se debería dar **reforzo educativo fóra da aula na medida do posible**. Neste punto é necesario destacar que para o curso 18-19 contamos coas seguintes medidas:

- **Exención de 2ª lingua.** Todo aquel alumnado que trae informe de Primaria terá reforzo educativo en linguas en troques da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos de secundaria.
- **Agrupamentos.** Este curso haberá agrupamentos en Lingua castelá e Matemáticas en 1º , 2º e 3º de ESO, polo que o alumnado con boa vontade e que mostra interese, pero que ten dificultades ou un nivel inferior á media do seu curso poderá, previa decisión do profesorado, acceder a eles e aproveitarse dun cambio metodolóxico.

- **Apoio na aula.** Excepcionalmente, se o grupo ou o alumnado o precisa, poderá acceder á aula a profesora de apoio, se isto non fora posible, o propio profesor/a adaptará as actividades á competencia lingüística do alumnado.
- En última instancia, se as medidas anteriores non son suficientes, recurrirase á **adaptación curricular**

Neste curso 18/19 temos no IES matriculada a unha alumna nacida en Alxeria. Este é o seu segundo ano de escolarización, mais polas súas particularidades débense adoptar medidas especiais, como ditamina a Orde do 20 de febreiro de 2004 que establece as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

O primeiro ano de escolarización (curso 17/18) adoptáronse con elas medidas encamiñadas a mellorar a súa capacidade lingüística, priorizando as materias lingüísticas por riba doutras materias. Este ano, en principio non estará escolarizada todo o ano, mais continuaremos traballando coa mesma dinámica.

As medidas de atención escolar adoptadas foron medidas de tipo curricular; en primeiro lugar houbo flexibilización de idade, posto que, pese a que a rapaza estivera escolarizada no seu país de orixe e tiña uns coñecementos mínimos do idioma, non tiña as destrezas suficientes como para ser escolarizada cos nenos da súa mesma idade e, en segundo lugar, tivo reforzos educativos en tódalas áreas e asistiu a tantos agrupamentos como foi posible, por último tivo adaptacións curriculares nalgunhas materias.

4 OBXECTIVOS XERAIS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CURSO 2018-2019

4.1. OBXECTIVOS XERAIS:

Tendo en conta o visto arriba, a análise do contexto e mais a análise sociolingüística do centro, deseñamos os obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento do uso do galego. No noso centro hai un obxectivo principal moi claro: **conseguir a normalidade da lingua galega na comunidade escolar e no contorno**. Para iso ten que facer que o galego estea presente en actividades onde se requira un rexistro culto e programar actuacións que melloren actitudes cara á lingua propia. Buscamos a **eliminación dos prexuízos lingüísticos** contra o galego, nunha estendida situación social de autoodio. A isto cómpre engadir un discurso que comeza a callar socialmente sobre que a súa promoción na educación pode mesmo ser prexudicial. Polo tanto, a **posta en valor da lingua propia** será o eixe vertebrador do noso proxecto. Estes son os nosos grandes obxectivos a longo prazo, dentro dun proxecto plurianual. Outros obxectivos a curto prazo preténdense conseguir co desenvolvemento de cada actividade en particular e xa se describen na addenda correspondente a cada curso.

Os obxectivos centrais do PLC do IES Félix Muriel son:

- ✓ **Dignificar a lingua e aumentar o seu prestixio**
 - Demostrar que o galego, a lingua propia e usual de case o 100% dos rianxeiros é unha lingua máis na configuración da Europa multilingüe.
 - Demostrar que todos os galegofalantes de Rianxo poden relacionarse co mundo sen renunciar ao galego.
 - Facerlles ver que a súa lingua propia é tan válida como calquera outra.
 - Demostrar que o galego non é un obstáculo para ser a lingua das empresas da zona. É máis, supón un valor engadido aos nosos produtos.

- Desterrar estereotipos do tipo: o galego é lingua do rural, das clases baixas...
 - Poñer en valor o seu léxico propio.
 - Eliminar prexuízos cara á propia variedade dialectal e consolidar o uso en todos os contextos.
 - Eliminar prexuízos cara ao galego estándar e conseguir que o valoren.
- ✓ **Aumentar usos cultos e consolidar usos coloquiais**
- Promover o uso no profesorado, alumnado e persoal non docente, tanto no rexistro culto coma no coloquial.
 - Actuar sobre as familias que están deixando de transmitir a lingua galega aos seus fillos.
 - Promover o mantemento da lingua entre alumnado, profesorado e familias nos rexistros coloquiais ante persoas non galegofalantes con competencia oral da nosa lingua.
 - Afianzar o idiolecto do alumnado e familias, peneirando castelanismos, para desterrar a idea de que falan “castrapo”.
 - Fomentar a lectura en galego en toda a comunidade educativa, para consolidar o rexistro culto.
 - Mellorar a competencia lingüística entre alumnado, profesorado e persoal non docente.
 - Realizar comunicacións a nivel internacional sen abandonar o galego e demostrando que non é imprescindible o castelán.
- ✓ **Implicar todos os axentes escolares neste proceso**
- Consegui a participación da maioría do profesorado e alumnado nas actividades que fomenten o uso do galego.
 - Organizar actuacións que cheguen a pais, nais e titores.
 - Implicar a ANPA na organización de actividades.
 - Tentar integrar a planificación lingüística do centro nos proxectos e planos que os equipos docentes desenvolvan, tanto nos prescritivos (plan lector, plan de mellora da biblioteca escolar...) como noutros que de xeito voluntario se integre o centro, incluíndo no PE e no PXA.

✓ **Contribuír á dinamización lingüística do contexto**

- Dinamizar o uso do galego no centro de xeito que repercuta no exterior.
- Elaborar actividades de recuperación cultural en relación co concello.
- Concienciar empresarios e comerciantes da importancia do uso da lingua propia.
- Contribuír a normativizar a papelería e o rotulado das empresas de restauración do concello.
- Eliminar prexuízos sobre o uso do galego no sector turístico.
- Facilitarlles materiais a comerciantes e empresarios para aumentar o uso do galego.
- Difundir a actividade normalizadora entre as entidades da contorno.
- Colaborar con equipos de normalización dos centros do concello e da comarca tanto en actividades colectivas como puntuais.

Ademais destes grandes obxectivos, hai varios aspectos nos que cómpre incidir para que se produza a consecución dunha maior competencia lingüística, así como un aumento dos usos cultos e unha mellora a nivel global do prestixio da lingua. A mellora dos usos é moi difícil se non se produce unha mellora das actitudes cara ó galego, actitudes que son negativas entre o alumnado galego falante, pero tamén entre o profesorado e entre os pais, tal e como sinalamos arriba.

Así, imos organizar unha serie de actuacións que se irán desenvolvendo cada curso e que terán sempre de fondo conseguir unha mellora da imaxe da lingua. Estas estarán destinadas tanto á comunidade educativa (profesorado, persoal non docente, alumnado e pais) como tamén ás entidades e institucións do contorno (empresas, entidades deportivas...), sendo o alumnado o destinatario principal. En todas estas actuacións **a dirección do centro apoia ó EDLG**, polo que, entre outras medidas, vai impulsar o traballo dos membros do ENDL facilitándolle -na medida do posible- redución horaria e mantendo actualizados os equipos da aula de normalización.

As liñas de actuación deseñadas polo centro teñen en conta a todos os destinatarios posibles: familias, alumnado, profesorado e contorno, máis é o alumnado o maior destinatario. O dominio das linguas nun contexto galego falante e diglósico coma o noso cómpre aclaralo ben. Dado que a lingua de relación do alumnado (e das familias) nas súas interaccións comunicativas é habitualmente o galego, e este ten establecido o rexistro para falar cos compañeiros en galego, pode dar a impresión que o dominio do castelán a nivel oral é baixo. A realidade é outra, xa que o propio alumnado considera ter mellor dominio do castelán no rexistro culto, de feito é a lingua que prefiren para ler e para escribir. O feito de que non usen o castelán nunha excursión a fóra de Galicia cando están no medio dos compañeiros cos que teñen establecido o rexistro en galego non indica que o dominio e a imaxe desta lingua estea por riba do castelán.

Desta maneira, as medidas fundamentais a aplicar cara ó alumnado van cara á consecución de dous obxectivos fundamentais:

- Consolidar no alumnado **unha competencia plena na súa Lingua A (o galego), que é deficiente. A adquisición dunha boa competencia oral na que para a maioría é a Lingua B (o castelán) mesmo nestes contextos galegofalantes, está moi favorecida pola amplísima presenza social e pola actitude positiva cara á súa aprendizaxe.**
- **Fomentar actitudes positivas cara ó galego** para que o alumnado non abandone o seu uso oral no rexistro coloquial cando sae do seu contexto máis próximo e que afiance o seu uso culto tanto oral coma escrito.

4.2 PROGRAMACIÓN DO EDLG

Véxase anexo coa Programación do EDLG para este curso. Aquí déixase o índice das actividades:

LIÑA DE TRABALLO 1: DÁRMONOS A COÑECER

Actividade 1.- Presentación do EDLG ao profesorado novo no centro.

Actividade 2.- Presentación ás familias
Actividade 3.- Presentación ao alumnado

LIÑA DE TRABALLO 2: MANTERNOS NA REDE

Actividade 1: Mantemento e difusión da revista Bico da ría: www.bicodaria.org
Actividade 2- Mantemento e difusión do Blog O castelo da lúa
(www.blogoteca.com/ocastelodalua)
Actividade 3- Web RianxoFala
Actividade 4.- Redes sociais: manterse facebook e twitter e Instagram

LIÑA DE TRABALLO 3- RADIO RIANXO

LIÑA DE TRABALLO 4: PROMOCIÓN DA NOSA CULTURA

Actividade 1: “Coñece a música en galego”
Actividade 2: Fomento da lectura en galego
Actividade 3: Cinema en galego
Actividade 4: Coñecemos persoeiros vivos
Actividade 5: Félix Muriel no mundo audiovisual
Actividade 6: Axenda Cultural
Actividade 7: As nosas mulleres

LIÑA DE TRABALLO 5– CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN

Actividade 1- Calendario escolar
Actividade 2: Faladoiros. Fala comigo!
Actividade 3.- Ciencia en Galego
Actividade 4: As nosas festas en galego
Actividade 5: Abrindo portas á Lusofonía
Actividade 6: Familias diversas – Familias divertidas
Actividade 7: O Galego no noso IES

LIÑA DE TRABALLO 6.- HOMENAXES AOS PERSOEIROS DE 2018

Actividade 1: Difundir a figura homenaxeada nas artes galegas 2019
Actividade 2: Letras Galegas 2018: Homenaxe a Antón Fraguas

LIÑA DE TRABALLO 7: NORMALIZAR A TRAVÉS DOUTROS PROGRAMAS DO CENTRO.

7.1.- Intervención desde o Tratamento Integrado de Linguas
7.2.- O Equipo no programa TEI

LIÑA DE TRABALLO 8. EFEMÉRIDES

Actividade 1- Día contra a violencia machista
Actividade 2- Día de Castelao

Actividade 3- Día de Rosalía

Actividade 4.- Día da Lingua materna

Actividade 5: Día internacional da muller

Actividade 6- Semana da diversidade (funcional, sexual, cultural...)

LIÑA DE TRABALLO 9: O ENL DO FÉLIX MURIEL VIAXA

Actividade 1. O Intercambio

Actividade 2. Saídas didácticas

LIÑA DE TRABALLO 10.- NORMALIZANDO EN COLABORACIÓN

Actividade 1: Colaborando co Concello

Actividade 2: Colaborando coa Biblioteca

5 PROPOSTAS XERAIS PARA DESENVOLVER NO CENTRO

Conxunto dos departamentos didácticos: participar, na medida do posible, nas actividades propostas desde o Equipo. Difundir e animar a participación do alumnado. Dar a coñecer os sitios web (abrir blog, revista, páxina de rianxofala en horas de garda, titorías...). Proponer actividades lectivas aproveitando, cando sexa posible, algunhas das accións que se describen na programación do ENDL.

Dptos científicos: demostrar que, aínda que as aulas se impartan en castelán en case todos os cursos, o galego é unha lingua válida para falar de ciencia, matemáticas e tecnoloxía. Proponemos que en todos se realicen actividades fóra da aula que permitan visibilizar o galego nestas materias (por ex. o traballo do dpto de física e química o curso pasado coa exposición do mes da ciencia...)

Ciclos formativos: nútrese de alumnado ao que nos é difícil chegar desde o ENDL se non é polo profesorado que imparte as diferentes materias. Son estudantes que en moitos casos abandonaron o sistema educativo hai tempo, que recibiron pouca formación en lingua galega (como está pasando agora) e que presentan moitos prexuízos cara á nosa lingua, mesmo lles protestan nas aulas a aqueles docentes que lles dan apuntamentos en galego argumentando a falta de comprensión. A colaboración do profesorado dándolles o material en lingua galega, e a organización das actividades en galego para eles, que van, en moitos casos, traballar con xente maior –galegofalante- é moi importante.

Actividades extraescolares e complementarias: segundo se recolle nas NOF, temos que lembrar que sempre que se organicen actividades deste tipo na que se requira a participación de persoas de fóra do centro (para que se impartan charlas ou vaian facer de guías en museos ou sitios que se visiten) se lles pida –de forma argumentada e boas maneiras-

ás persoas que vaian falar que empreguen o galego co alumnado. O costume, o pedimento en sentido contrario e o sentir social de que o galego xa non está ben visto para falar en público fai que cada vez o alumnado o escoite en menos sitios fóra da casa, algo que ademais leva a que o traballo que se poida facer desde o EDLG teña pouco sentido.

Biblioteca : ademais de seguir a colaborar coas actividades do ENDL, fomentar especialmente a lectura en lingua galega (deficitaria entre o alumnado), facilitando textos na nosa lingua –literarios e non literarios- para o Proxecto Lector dos diferentes departamentos.

TICs: fomentar a difusión e creación de materiais dixitais en lingua galega para as aulas, especialmente no espazo Abalar.

Titorías: colaborar con actividades puntuais que se van presentar desde o EDLG, ademais de calquera outra que se axuste ao grupo-aula e que sirva para cubrir os obxectivos normalizadores marcados no PLC.

Conxunto do profesorado: Evitar mostrarlles, ao alumnado e familias, prácticas diglósicas e asentarlles prexuízos xa existentes.

6 TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL).

6.1 INTRODUCCIÓN

Coa entrada en vigor da LOMCE, o Ministerio publicou unha Orde arredor da importancia das Competencias Clave e o Decreto polo que se establecía o currículo de ESO e Bacharelato, no que se abordaba a necesidade do Tratamento Integrado de Linguas nos preámbulos das materias lingüísticas, seguindo as pautas marcadas pola Unión Europea desde 2001. A Consellaría de Educación, adaptou esa Orde e publicou un Decreto e unhas Instrucións para dar cumprimento á nova lexislación, que recolle importantes cambios relacionados coas linguas:

- **Cambios metodolóxicos**

Tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado, e dea continuidade ao proceso de fomento do interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara ás persoas falantes desas linguas.

Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán:

1. acordos sobre **criterios metodolóxicos** básicos de actuación en todas as linguas,
2. acordos sobre a **terminoloxía** que se vaia empregar,
3. acordos sobre o tratamento que se lles dará aos **contidos**,
4. acordos sobre os **criterios de avaliación** e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística,
5. acordos para **evitar a repetición** dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos/as, polo que os docentes deberán ser quen de xerar neles curiosidade e a necesidade de adquirir coñecementos, habilidades e valores. Recoméndase:

1. **A aprendizaxe por proxectos** (proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un resultado práctico). Esta metodoloxía favorece a tarefa investigadora, a reflexión e a crítica.
2. **O uso do portfolio** (carpeta de aula virtual ou material, que aporta información sobre o alumnado e permite mostrar os resultados da súa aprendizaxe, reforzando o proceso de avaliación continua.

O profesorado debe procurar:

1. que o alumnado comprenda o que aprende
2. que o alumnado saiba para que aprende
3. que o alumnado sexa capaz de usar / aplicar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Cambios nos recursos didácticos

O papel do docente como xerador dos seus propios recursos xunto ao enfoque interdisciplinar e integrador que a lei demanda impide o uso tradicional do libro de texto como referente máximo no proceso de ensino – aprendizaxe, polo que este converterase nun Libro de Apoio para o alumnado, pero será só un recurso máis, nunca o único.

A innovación metodolóxica ao servizo do desenvolvemento das competencias básicas trae consigo novos recursos que a propia lei sinala como necesarios: Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

6.2. O TIL no IES “Félix Muriel”

O noso centro comeza en 2015 a tecer a rede para impartir de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer -tal e como se pide nos currículos- que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. Para iso o profesorado dos departamentos de linguas réunese unha vez á semana desde setembro de 2015. As reunións comezaron sendo os luns ao mediodía (de 14,30 a 15,45), pasando nos dous últimos cursos a ser os xoves na 4ª sesión (11,20-12,10)

Segundo os acordos aprobados na reunión TIL do 6 de xuño de 2016, todo o profesorado dos departamentos de linguas é coñecedor de que en cada reunión TIL hai unha persoa que actúa de secretaria e que levantará acta de todos os acordos. Estes serán vinculantes para todos os Departamentos de linguas e deles infórmase a través do correo electrónico a todo o profesorado membros dos departamentos de linguas. Aqueles acordos que afectarían a todos os departamentos vanse levar ás CCP, por exemplo todas as cuestións referidas a presentación de traballos, ortografía, etc...

Estamos no cuarto ano do traballo arredor do Tratamento Integrados de Linguas seguindo o mandato lexislativo que indica que tanto na Educación Secundaria Obrigatoria como no Bacharelato é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado. Isto supón unha mudanza importante desde o punto de vista metodolóxico.

Este ano, por primeira vez, presentouse o TIL ante o claustro o xoves 4 de outubro, xunto con outros proxectos de centro, e recordóuselle a todo o profesorado que os acordos adoptados por este grupos son vinculantes.

PRESENTACIÓN DO TIL AO CLAUSTRO

En que favorece o TIL a práctica docente do profesorado en xeral?

1. Se todas trasladamos as mesmas indicacións ao alumnado para mellorar a Comprensión, a Expresión, as Técnicas de estudo, o alumnado desenvolverá adecuadamente a súa CCL.
2. Se o alumnado mellora a súa CCL, mellorará o seu rendemento en todas as materias, pois a lingua ten unha función instrumental para aprender os restantes contidos.
3. Cos documentos creados polo equipo TIL (Indicacións para entregar traballos e exames, facer resumos e esquemas, citar fontes, facer definicións...) o profesorado dos Departamentos non lingüísticos poderán avaliar doadamente a CCL.

En que favorece o TIL ao alumnado?

- Mellorará a súa CCL, porque van recibir as mesmas indicacións en todas as linguas, o que provocará maior rapidez na aprendizaxe e mellor fixación desas aprendizaxes.
- Mellorará a súa produción textual (oral e escrita) en todas as linguas e polo tanto en todas as materias, que se serven das linguas como instrumentos para aprender.
- Aproveitarán o que aprenden nunha lingua para implementalo na outra, evitando repetición de contidos e centrándose na práctica lingüística. O que axudará a desenvolver a súa competencia plurilingüe.

Segundo o [DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia](#), nos **Anexos a este Decreto 86/2015** recóllense os cadros dos Estándares Avaliables e, previamente unha Introducción a cada materia. Nas **Introducións para cada unha das materias lingüísticas** recóllese o seguinte parágrafo: *Para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece no caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais. Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual... Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as*

dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar.

*En consecuencia, tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable **que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado.** Polo que **Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para impartir o currículo integrado das linguas.***

6.2.1. ACORDOS

Nas reunións TIL adoptáronse as seguintes medidas:

- acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas
- acordos sobre a terminoloxía que se vai empregar
- acordos sobre o tratamento que se lles dará aos contidos e o reparto dos mesmos para evitar repetición de aspectos comúns
- acordos sobre os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe mínimos que se van aplicar en cada materia lingüística.

6.2.1.1 ACORDOS SOBRE METODOLOXÍA

Acórdase para 1º ESO poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Trátase polo tanto dunha didáctica en que o alumnado pasou (hai xa tempo) de ser mero receptor de contidos teóricos a ser actor e protagonista. Neste sentido guíannos sobre todo catro consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.
- O alumnado ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.
- O alumnado debe romper coa dinámica da aprendizaxe inductiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

Seguiremos as liñas metodolóxicas enumeradas no Decreto 133/2007, que son as seguintes:

- ✓ Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- ✓ Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- ✓ Fomentar a formulación de hipóteses.
- ✓ Buscar, seleccionar e tratar a información.
- ✓ Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- ✓ Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- ✓ Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.
- ✓ Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- ✓ Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- ✓ Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

6.2.1.2 ACORDOS SOBRE OS MATERIAIS QUE VAI USAR O ALUMNADO

Todo o alumnado vai empregar para as materias lingüísticas unha única carpeta, chamada “**Carpeta de linguas**”. Desde o curso 16-17 estableceuse que sería unha carpeta de argolas con separadores para cada unha das materias lingüísticas: LGL, LCL, LE (inglés, francés ou portugués) e LC (latín e grego).

O alumnado só vai empregar, tanto para exercicios, toma de apuntamentos, tarefas de produción escrita... **folios en branco**. No primeiro curso da ESO váiselle entregar ao alumnado un folio “patrón” que logo xa se retirará nos cursos posteriores.

O alumnado só vai poder empregar bolígrafo, non lapis e só de cores azul ou negra para as súas producións. Deberá ter un bolígrafo vermello para realizar correccións.

Dada a incorporación do alumnado ás TIC, deber ter xa en 1º ESO unha conta de correo electrónico (con autorización da nai, pai ou persoa titora).

6.2.1.3 ACORDOS SOBRE RECURSOS DIDÁCTICOS

O papel do docente como xerador dos seus propios recursos xunto ao enfoque interdisciplinar e integrador que a lei demanda impide o uso tradicional do libro de texto como referente máximo no proceso de ensino – aprendizaxe, polo que este converterase nun Libro de Apoio para o alumnado, pero será só un recurso máis, nunca o único.

A innovación metodolóxica ao servizo do desenvolvemento das competencias clave trae consigo novos recursos que a propia lei sinala como necesarios: Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

6.2.1.4 ACORDOS SOBRE A TERMINOLOXÍA

a) MORFOLOXÍA

Empregarase a denominación "**clases de palabras**" en 1º, 2º e 3º ESO, podendo introducir "categorías gramaticais" en 4º e Bacharelato. Só se diferenciarán palabras variables (flexibles) de invariables (non flexibles). Non se vai traballar a clasificación semántica do substantivo.

As clases de palabras serán:

- substantivo
- adxectivo (a secas, sen engadir "calificativo"),
- verbo. Os tempos verbais :

Indicativo:

(simples): presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto , futuro, condicional

(compostos): pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto, pretérito anterior.

Subxuntivo:

Presente, pretérito (galego), pretérito imperfecto (castelán), futuro

Pretérito perfecto, prt. pluscuamperfecto

(non persoais): infinitivo, infinitivo conxugado, xerundio e participio.

(voces): activa, pasiva (voz media só en bacharelato)

- perífrases verbais (formadas por verbo auxiliar e verbo principal) Sinalouse a necesidade de que varíe o significado léxico do verbo para poder consideralas como tales. Queda adiada a súa clasificación para o vindeiro curso.
- adverbio
 - adverbio relativo empregarse a partir de 4º ESO
- preposición
- conxunción

- interxección
- Pronome Persoal
- Demostrativo
- Posesivo
- Numeral (cardinal, ordinal)
- Indefinidos
- Interrogativos
- Exclamativos
- Relativos

Todas as clases de palabras que están desde pronome persoal para baixo, poderán ter a función de núcleo ou determinante.

Segmentación en morfemas

MONEMA– Erradicado

MORFEMA- Parte máis pequena da palabra con significado. Ten significado léxico e gramatical

Derivativos, alterativos e flexivos

*Interfixos non son morfemas

Non lexema, só morfema léxico e gramatical

Clasificación:

Prefixo + raíz + interfixo+ sufixo: derivativo, alterativo...

Verbos:

RAÍZ- VOGAL TEMÁTICA- MTA- NP

Formación de palabras

Derivación, composición e parasíntese

Siglas e acronimia (para 4º ESO)

B- SINTAXE

Esta cuestión foi a primeira que se debateu nas reunións TIL. Lémbrese que xa no curso 15-16 tiñamos reflexionado a propósito da ensinanza da sintaxe e acordouse que debería

cumprir o obxectivos de axudar ao alumnado a que escriba mellor a partir dunha reflexión sobre a lingua. Desta maneira decídese que a sintaxe non pode ser un fin en si mesmo dentro das aulas de linguas e que a análise sintáctica non pode converterse nunha serie de exercicios finalistas. Seguindo isto, tómanse as seguintes **decisións a propósito do ensino da sintaxe**:

- ❖ Vaise tratar coma un todo a morfosintaxe en 1º, 2º, 3º ESO.
- ❖ O punto de partida en 1º ESO é a concordancia e as oracións inacabadas.
- ❖ Ata 4º ESO non se fai análise sintáctica propiamente dita, pero o alumnado ten que rematar 3º recoñecendo “á perfección” todas as clases de palabras

A terminoloxía propiamente sintáctica centrou moitos debates nas reunións TIL. Dáse conta nesta addenda das principais decisións que se foron tomando a través de acordos e trasacordos, para que quede plasmada a evolución neste eido. Na reunión do 4 de abril de 2016 decidírase que as linguas modernas ían seguir a **gramática funcional**, mentres que latín e grego continúan coa gramática tradicional (o alumnado de Bac. xa é maduro para poder pasar dun a outro sistema sen problema). Mais no primeiro trimestre do curso 2016-2017, celebrouse unha reunión para volver tratar a cuestión da sintaxe, posto que algún membro do departamento de castelán vía problemas na aplicación do acordado o ano anterior. Nesa reunión, celebrada entre os departamentos de LCL e LGL o **30 de xaneiro de 2017**, acórdase empregar a **Gramática tradicional** en sintaxe. Esta decisión está baseada no hábito xeral do profesorado de lingua castelá (departamento sobre o que recae a explicación da sintaxe), nos estándares das programacións, no posible uso de libros de texto, e na suposta tendencia maioritaria á gramática tradicional do profesorado que corrixe selectividade.

No **final do curso 16-17**, comprobando que é imposible utilizar unha gramática tradicional para todo, e para evitar mesturar termos e visión tradicional e funcional decídese:

- En 1º ESO empézase no curso 16-17 coa terminoloxía propia da Gramática Funcional, sabendo que non se aborda a sintaxe neste nivel. Empregamos a denominación frase (para as estruturas que non teñan verbo) e oración (se teñen verbo).
- No presente curso 17-18 introdúcese esta terminoloxía funcional en 2º ESO.

- **Cando no curso 18-19 o TIL chegue a 3º ESO** empeza a introducirse a sintaxe funcional en todos os niveis progresivamente.

No resto dos niveis manterase a terminoloxía da Gramática Tradicional mentres non se aplique o TIL (que será en 2019-20 incorporarse en 4ºESO, en 2020-21 incorporarse en 1º Bacharelato e 2021-2022 en 2º Bac.)

Acordos concretos acadados en canto á Gramática Tradicional que se está aplicando neste momento desde 4º ESO:

- Empréganse as denominacións de **Oracións** e de **Sintagmas**
- A clasificación das Oracións será: Predicativas e atributivas ou copulativas
- Toda oración se vai analizar en árbore partindo do esquema: **función- unidade...**
- Organización dos sintagmas:
Sintagma nominal (SN) formado por determinante (Det), núcleo (N) e/ou modificador (Mod)
Sintagma adxectivo (S ADX)/adverbial (S ADV) formado por núcleo(N) e modificador (Mod)
Sintagma preposicional (S Prep) formado por enlace (Enl) e Termo (T)
- A unidade será a oración simple e composta. Esta última está formada por coordinación, subordinación e xustaposición.
- A análise nunca será bimembre senón que falaremos de Suxeito, predicado e complementos: CD, CI, Suplemento ou Complemento Réxime, Atributo, CC, Predicativo (PVO) e Complemento axente.
- Nas **oracións adverbiais propias** (tempo, modo e lugar) a oración subordinada sairá da función do CC.
- As **oracións subordinadas impropias** (concesiva, consecutiva, causal, comparativa, final e condicional) explicaranse como estruturas **bimembres** igual que as coordinadas: Oración 1+Nexo+Oración 2)
- As **oracións impersoais** serán aquelas que teñan:

- a) Verbos que indiquen fenómenos metereolóxicos
- b) Morfema impersoal se
- c) Verbos: haber, facer en 3º persoa de sg
- d) Suxeito indeterminado tipo “chaman á porta”

-As oracións coordinadas e **xustapostas** analizaranse como oracións bimembres:

Oración 1 + nexos + Oración 2

6.2.1.5 ACORDOS SOBRE CONTIDOS E REPARTO DOS MESMOS

Tal e como se indicou na introdución é fundamental para poder avanzar no sentido que propón o TIL, realizar un reparto de contidos para non repetilos nas diferentes materias. No momento de pechar este documento temos acordos para repartir os contidos entre as diferentes disciplinas en 1º ESO e para o 1º trimestre de 2º ESO

NIVEL 1º ESO

Durante o curso 16-17 estívoase pulindo o reparto de contidos entre todas as materias lingüísticas que se ocupaban de **1º ESO**. De aí saíu o acordo final que está vixente neste curso 17-18, que é o seguinte:

a) CONTIDOS. 1º TRIMESTRE

1. Instrucións e normas. (Todas as materias lingüísticas)
2. Uso do correo electrónico. (LGL)
3. O plurilingüismo. Un mundo de linguas. (LGL)
4. O abecedario (AFI). (LEI, LEF e LEP)
5. Números e datas. (LEI, LEF e LEP)
6. As propiedades textuais: adecuación, coherencia e cohesión (LGL e LCL)
7. Elaboración de esquemas, resumos e definicións (LGL. Prácticas en LCL)
8. Discriminación da información. (LEI, LEF e LEP)

9. A tipoloxía textual. Textos literarios e non literarios (LCL. Prácticas en LGL)
10. A tipoloxía textual. O texto expositivo (LGL. Prácticas en LCL)
11. A tipoloxía textual. Os textos narrativos. Substantivos e verbos (LCL. Prácticas en LGL)
12. Preguntas e rexistros. (LEI, LEF e LEP)

b) CONTIDOS. 2º TRIMESTRE

1. Coloquios e debates (LGL e LCL) e conversas espontáneas (LEI, LEF e LEP).
2. Procura a manexo de información en Bibliotecas e Páxinas Web. (En todas as materias lingüísticas)
3. Uso da Aula Virtual. (LGL)
4. As propiedades textuais. Corrección ortográfica e gramatical. (LGL e LCL)
5. O plurilingüismo. As linguas do Estado Español. (LGL)
6. Tratamento de respecto. (LEI, LEF e LEP)
7. A tipoloxía textual. O texto expositivo. (LGL. Prácticas en LCL)
8. A tipoloxía textual. Os xéneros literarios. (LCL. Prácticas en LGL)
9. Os textos descritivos. Adxectivos e adverbios. (LCL. Prácticas en LGL)
10. Descricións e dramatizacións de escenas da vida cotiá. (LEI, LEF e LEP)

c) CONTIDOS. 3º TRIMESTRE

1. Lingua e Sociedade. Plurilingüismo, multilingüismo e diversidade lingüística.
2. Coloquios, debates e conversas espontáneas.
3. Procura e manexo de información en bibliotecas e páxinas web. Uso da Aula Virtual
4. Produción textual con corrección ortográfica e gramatical, respectando as propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión).
5. Recoñecemento comprensivo e explicación adecuada das clases de palabras en textos.
6. Identificación e produción de textos de diferente tipoloxía.
7. Interpretación de textos literarios e xornalísticos.
8. O cómic

Ademais deste reparto de contidos, acórdase o seguinte:

- Todas as materias lingüísticas van iniciar cada trimestre partindo da avaliación inicial ou da avaliación dos resultados do trimestre anterior.

- Vaise continuar incidindo no necesario seguimento por parte do alumnado das indicacións dadas pola persoa docente, das instrucións e das normas no contexto do labor de aula, pero tamén fóra da aula, no centro ou nas saídas didácticas.
- Posteriormente, vaise iniciar os contidos de cada trimestre nas materias lingüísticas a partir do tema do plurilingüismo, contexto común do que todas as linguas vaise partir en cada trimestre do seguinte xeito:
 - o 1º trimestre: O mundo, unha realidade plurilingüe.
 - o 2º trimestre: O plurilingüismo en Europa. As linguas do Estado español.
 - o 3º trimestre: A situación do galego no mundo. A lusofonía.

NIVEL 2º ESO

Para 2º ESO comezouse co reparto de contidos neste curso e só se abordou o 1º trimestre. O acordado foi:

1. En todas as linguas vaise comezar cos seguintes contidos que se trataron xa o curso pasado, que serán o punto de arranque para seguir camiñando este curso:
 - Normas de cortesía e convivencia e pautas para a presentación de tarefas.
 - A escoita activa, crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias
 - Produción de discursos orais adecuados, coherentes, cohesionados, cunha fonética e prosodia correctas, en intervencións espontáneas.
 - Participación activa en situacións que xeren intercambio de opinión.
 - As técnicas de análise do contido para interpretar todo tipo de textos. Estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos...
 - Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados.
 - Os usos lingüísticos discriminatorios.
 - A selección de información nas bibliotecas e nas TIC.
 - A autocorrección
 - Os proxectos TIL e os contidos transversais.
 - Lectura expresiva e comprensiva e análise de textos.
 - A coavaliación e a autoavaliación aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

2. En LGL e LCL iniciaremos cada trimestre (como o curso pasado) co bloque de Lingua e Sociedade, desde a perspectiva do plurilingüismo inclusivo, se ben neste nivel faremos o percorrido inverso ao curso pasado, empezando polo individuo e rematando pola sociedade.

Así no 1º Trimestre acórdase traballar a conciencia lingüística do eu, as lingua da familias, da aula, do centro e de Rianxo. Farase un traballo de investigación (con rexistros e gravacións) naquelas materias que sexa posible, comezará LGL.

3. En todas as linguas se vai facer unha aproximación á fonoloxía no marco da sociedade plurilingüe que habitamos.

4. En todas as linguas se vai tratar a tipoloxía textual centrándose cada lingua nun aspecto:

- En **LCL** vanse centrar na explicación dos **textos literarios (narrativos)**, en LGL só se farán tarefas e exercicios prácticos.
- En **LGL** vanse centrar nos **textos non literarios**, reforzando os traballados o curso pasado (argumentativo e expositivo) e incorporando os textos xornalísticos (especialmente as noticias dos xornais).
- En LE-P, LE-F e LE-I traballarase a **prensa mundial** para abordar o plurilingüismo a partir de xornais nas distintas linguas.

En consonancia co traballo de investigación do 1º trimestre (A conciencia lingüística do eu, as linguas da familia, da aula, do centro e de Rianxo) abordaremos os textos xornalísticos como un elemento máis da sociedade plurilingüe en que nos movemos, procurando descubrir as linguas da prensa que se consulta na familia, no centro ou nos quioscos do concello, así como as posibilidades de consulta que nos dá a internet para achegarnos á prensa mundial a través de páxinas web como *Kiosko.net* ou o *Kiosco dixital da UNED*.

5. En todas as linguas trataremos as **novas de actualidade** e a partir delas as **clases de palabras**.

- En **LGL e LCL** centrarémonos no **valor conceptual do Modo, Tempo e Aspecto verbais**.

6.2.1.6 ACORDOS SOBRE INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Acórdase que se van empregar os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación para valorar tanto as competencias lingüísticas do alumnado, como o resto das competencias:

1. Observación directa do labor desenvolvido polo alumnado a diario (Caderno de Aula do profesor)
2. Producións escritas do alumnado (Vanse avaliar con Rúbricas)
3. Producións orais do alumnado (Vanse avaliar con Rúbricas)
4. Probas escritas (Avaliaranse seguindo uns criterios de corrección segundo os estándares avaliábeis que correspondan)
5. Probas de comprensión e/ou expresión oral (Vanse avaliar con Rúbricas)
6. Proxecto de Investigación (Vaise avaliar con Rúbricas)

Está pendente de acordar rúbrica de linguas estranxeiras. Existen algúns modelos de **RÚBRICAS** que comezaron a aplicar determinados membros do grupo TIL e que presentamos en Anexo, pero aínda non están completamente consensuadas.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS E TAREFAS (1º e 2º ESO)

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓNS ORAIS NA AULA (1º e 2º ESO)

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA LECTURA NA AULA (1º e 2º ESO)

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓNS ORAIS NA AULA CON PI (1º e 2º ESO)

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓNS ORAIS NA AULA CON PI (4º ESO)

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CON PI (1º e 2º ESO)

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CON PI (3º e 4º ESO)

Este curso 18/19 continuaremos incrementando o número de rúbricas e modificando as xa mencionadas para adaptalas ás necesidades do curso.

6.2.1.8 ACORDOS SOBRE A AVALIACIÓN INICIAL

No curso 17-18 acórdase facer unha avaliación inicial conxunta TIL e por competencias para todo o alumnado de 2º ESO. Desa maneira, todo o profesorado dos departamentos de linguas diseña de forma conxunta unha proba. A aplicación en todos os grupos deste nivel faise de forma coordinada por parte do profesorado que participa no TIL, desenvolvendo cadaquén as tarefas propias do ámbito lingüístico, pero logo unha ou dúas das do resto das competencias na súa hora de clase. Así afórrase moito traballo e tempo, xa que non consideramos que fose preciso que todos avaliásemos todas as competencias non lingüísticas.

A proba pode verse no Anexo... tamén a táboa para verquer os datos que foi deseñada por todo o profesorado TIL e aplicada na avaliación inicial deste curso 17-18 (vid. Anexo...)

Despois de aplicar a devandita proba de avaliación inicial conclúíuse o seguinte:

- Dado que a maioría deste alumnado de 2º ESO xa tivera aulas TIL en 1º ESO comprobouse unha diferenza importante con respecto ao novo alumnado que se incorporou este curso ao centro.

- Existe unha maior concienciación á hora de concebir as linguas coma un todo.

- O alumnado prefire non pensar nin crear, ten pouca iniciativa, prefire seguir as normas e que se lle repitan constantemente as indicacións.

Acordos tomados de cara ao vindeiro curso:

- Cómpre realizar a avaliación inicial o primeiro día de clase usando as horas de todas as materias e corrixindo e eavaliando co método que utilizamos agora.
- É preciso centrarnos nas aulas nos seguintes aspectos:
 - o Que comprendan os enunciados sen reproducilos
 - o Que non pasen nada a limpo
 - o Que interveñan continuamente na aula
 - o Que tomen notas para seleccionar a información
 - o Que medren en autonomía
- Cómpre traballar por proxectos para que o alumnado:

- o Progrese na súa autonomía
- o Reflexione sobre o seu proceso de aprendizaxe
- o Desenvolva a súa creatividade

6.2.1.9 ACORDOS SOBRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

NIVEL: 1º ESO

Acordouse entre o profesorado TIL que os criterios mínimos que o alumnado de 1º ESO tería que superar nas materias lingüísticas para acceder ao curso seguinte serían:

1. Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico e dos medios de comunicación.
2. Produción de textos sinxelos; orais e escritos; adecuados, coherentes e cohesionados; propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.
3. Participación activa en situacións de aprendizaxe propias do ámbito académico e non académico.
4. Detección do tema e do subtema en distintos tipos de texto. Subliñado das ideas principais.
5. Lectura en voz alta, con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación.
6. Planificación, revisión e boa presentación de textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.
7. Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios). Respecto polas normas ortográficas. Adquisición de novo vocabulario.
8. Comprensión e respecto pola realidade plurilingüe na que habitamos, evitando prexuízos.
9. Uso das TIC para obter información.
10. Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe

A este respecto **acórdase que:**

Estes criterios van formar parte do dossier informativo que se lle vai entregar a todo o alumnado e profesorado de 1º ESO a principio de curso.

Cada materia lingüística debe engadir a estes criterios os estándares que lle correspondan curricularmente e informará ao alumnado e ás súas familias daquilo que sexa específico desa materia.

NIVEL 2º ESO

1. Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico (relatos, contos, lendas, poemas, cancións e cómics) e dos medios de comunicación (noticias), cunha actitude de escoita activa e cun grao maior de autonomía que no curso pasado.
2. Produción de textos sinxelos (narrativos, descritivos, argumentativos, expositivos, xornalísticos...), servíndose ou non das TIC, segundo indique a persoa docente; orais e escritos; adecuados, coherentes e cohesionados; propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.
3. Participación activa en situacións de aprendizaxe propias do ámbito académico e non académico (debates, coloquios, conferencias, presentacións, lecturas públicas, recitados, actividades complementarias, proxectos interdisciplinares, saídas didácticas, cadernos de viaxe...), con maior autonomía que no curso pasado.
4. Detección do tema e do subtema en distintos tipos de texto. Elección dun título ou un titular para un texto. Subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas, resumos e definicións.
5. Lectura en voz alta, con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación (da lectura da aula ou doutras lecturas dentro e fóra da aula), valorándose especialmente o recoñecemento dos erros cometidos e a autocorrección.
6. Planificación, revisión e boa presentación de textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas (respectando as Pautas de Presentación de Tarefas e Probas, así como a estrutura de cada tipo de texto), seguindo sempre as indicacións da persoa docente pero cun grao cada vez maior de autonomía.
7. Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios), con maior rigor que o curso pasado e sabendo flexionar substantivos, adxectivos e pronomes, así como conxugar verbos. Respecto polas normas ortográficas, evitando as interferencias entre as linguas. Adquisición de novo vocabulario, especialmente a partir das lecturas realizadas na aula.
8. Comprensión e respecto pola realidade plurilingüe na que habitamos, evitando os prexuízos e desenvolvendo un sentido crítico ante os mesmos. Valorarase moi positivamente que fóra da aula o alumnado desenvolva unha actitude libre de prexuízos lingüísticos e un labor dinamizador da lingua galega.
9. Uso das TIC para obter información, seleccionándoa adecuadamente e converténdoa en coñecemento propio (evitando sempre a reprodución e procurando usar palabras propias), sinalando ademais as fontes das que se obtivo esa información.
10. Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

6.2.1.10 OUTROS ACORDOS

- Acordouse (1/11/17) co equipo directivo revisar a forma de avaliación por competencias, e levouse a claustro
- Acordouse que hai que traballar a Violencia machista desde as aulas e que non se poden consentir actitudes machistas no centro. Na reunión do 15 de novembro de 2018 avánzase neste proposta propoñendo uha actividade interdisciplinar o 26 de novembro, pero sempre tendo en mente que a educación pola igualdade debe estar sempre presente, de forma continuar a través de todas as tarefas plantexadas, a través dos textos lidos, etc.
- Nas reunións de novembro do curso 18/19 iníciase o debate para intentar por chegar a acordos sobre a avaliación das lecturas nas materias de linguas.

6.2.2 PROXECTOS TIL:

6.2.2.1. PROXECTOS DE ANOS ANTERIORES:

PROXECTO RIANXO: Este foi un proxecto educativo interdisciplinar que se desenvolveu nas aulas de 1º ESO. Nel traballáronse puntos tan diversos como:

- Rianxo ou Rianjo?
- Aldea, vila ou cidade?
- Moverse na vila
- As lendas
- Os persoeiros
- A Rianxeira
- A guía
- O Roteiro
- A descrición
- O léxico
- Pedir e dar información
- A narración
- O texto expositivo
- Xeografía

Toda a información creada foi recollida na seguinte páxina web:
proxectorianxo2016.blogspot.com

PROXECTO ALIMENTACIÓN DI-VERSA. Proxecto interdisciplinar desenvolvido nas aulas de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Portuguesa, Lingua Francesa, Lingua Inglesas, Educación Musical, Ciencias Sociais e Matemáticas ao longo da terceira avaliación do ano 2017. Con toda a información obtida elaborouse un tríptico que pretendeu dinamizar a idea de que unha alimentación sa é unha alimentación diversa e di vertida.

6.2.2.2. PROXECTOS DO CURSO 18/19:

Este curso 18-19 continuaremos cos proxectos iniciados no curso anterior e iniciaremos outros novos que cremos importantes para desenvolver as destrezas lingüísticas básicas así como tódalas competencias básicas:

Tríptico entroido. No curso 17-18 iniciouse este proxecto para dar a coñecer as diferentes maneiras que hai de vivir o entroido en diversas partes do mundo; partimos de Galicia e as variedades do entroido autóctonas, para continuar polos entroidos máis coñecidos de España, para finalmente falar do entroido en Francia e Inglaterra. Foi esta unha actividade interdisciplinar, na que o alumnado puido traballar e mellorar tódalas súas competencias.

Debate sobre “hortografía”. No curso 17-18 as materias de L. castelá e literatura e L. galega e Literatura iniciaron un novo proxecto co que o alumnado podía mellorar as súas competencias, mais non foi posible finalizalo, polo que este ano retomárase a idea e porase en funcionamento. O proxecto iníciarase coa explicación e análise do texto argumentativo, para a continuación buscar argumentos favorables e contrarios ás normas ortográficas establecidas, de tal maneira, que como resultado final do proxecto poda realizarse un debate na aula sobre a conveniencia de respectar ou eliminar ditas regras ortográficas en ámbalas dúas linguas e por extensión en tódalas linguas coñecidas.

Lectura en varios idiomas da obra *Sempre en Galicia*. Este curso 18-19 e durante a semana de Castelao faremos unha lectura plurilingüe da obra de Castelao, *Sempre en Galicia*, de tal maneira que con esta actividade interdisciplinar o alumnado tome conciencia do valor universal da obra e das vantaxes da sociedade plurilingüe.

Traballo de investigación (con rexistros e gravacións) O obxectivo deste proxecto é mellorar a competencia plurilingüe do noso alumnado e conciencialo da valía que esta ten, eliminando prexuízos e loitando pola igualdade das linguas. Este proxecto iníciarase con gravacións e entrevistas en diferentes idiomas, posto que é unha actividade interdisciplinar, para a continuación analizar a fonética destas, na medida das posibilidades que dea o coñecemento que o alumnado teña de cada unha das linguas utilizadas, para por de manifesto a

similitude entre algunhas delas e as vantaxes que para a formación plurilingüe ten o coñecemento da varias linguas.

Efemérides. Aproveitaremos as diferentes efemérides para participar nelas de maneira interdisciplinar a través do Tratamento Integrado de Linguas

Acórdase en reunión TIL do 15 de novembro que ao longo da xornada do 26 de novembro, aparte de participar nas actividades promovidas polo centro, polo centro e polo concello, cada docente ocuparase de tratar, nos grupos que lle corresponda impartir docencia, o problema das violencias machistas, servíndose dos recursos que considere oportunos, realizando tarefas ou desenvolvendo coloquios arredor de contos ou documentos audiovisuais, podendo botar man dos que se publicarán no espazo: Coeducación da aula virtual. Aproveitaremos estas actividades para que sexan conscientes da importancia e do valor de ser plurilingües, escollendo para traballar textos ou material audiovisual nunha lingua diferente á propia da materia, promovendo así un tratamento integrado das linguas.

6.2.3 PROPOSTAS PARA O FUTURO:

6.2.3.1 Coincidencia dos períodos literarios e históricos:

Plantéaxese a necesidade de que en vindeiros cursos consigamos coordinar a distintos departamentos (L. Castelá, L. Galega, CCSS., ...) á hora de explicar os distintos períodos literarios e históricos para que o alumnado teña un mellor aproveitamento das explicacións e sexan estas máis efectivas

6.2.3.2 Acordos para establecer criterios comúns para a elección de lecturas obrigatorias e opcionais e para a avaliación destas.

Ponse de manifesto a necesidade de debater sobre a posibilidade de establecer uns criterios comúns para a elección de lecturas obrigatorias e opcionais e tamén as vantaxes de que coincidan, na medida das posibilidades e tendo en conta a diversidade, os criterios de cualificación, que se establecerán dependendo de se a obra de lectura é opcional ou obrigatoria.

6.2.4 ANEXOS:

Antes de iniciar a relación de anexos, convén deixar claro que estes son documentos de partida, propostas de traballo, documentos en constante cambio e revisión para adaptalos ás circunstancias do alumnado e do profesorado no momento da súa utilización.

Este curso e os vindeiros continuaremos introducindo modificacións nos documentos xa existentes e creando novos, dependendo das nosas necesidades e das peticións doutr@scompañeir@s de claustro. Ao longo destes anos houbo varias peticións e solicitudes que deron lugar a documentos que agora están a disposición de toda a comunidade educativa, co fin de que servan como referencia á hora de elaborar e presentar determinadas tarefas.

1. AVALIACIÓN INICIAL POR COMPETENCIAS 1º ESO (18/19)
2. AVALIACIÓN INICIAL POR COMPETENCIAS 2º ESO (18/19)
3. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS E TAREFAS (1º e 2º ESO)
4. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS E TAREFAS (4º ESO)
5. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓNS ORAIS NA AULA (1º e 2º ESO)
6. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA LECTURA NA AULA (1º e 2º ESO)
7. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓNS ORAIS NA AULA CON PI (1º e 2º ESO)
8. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CON PI (1º e 2º ESO)
9. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CON PI (3º e 4º ESO)
10. INDICACIÓNS PARA CITAR FONTES, TEXTOS E OBRAS
11. INDICACIÓNS PARA O ENVÍO DE TAREFAS EN ARQUIVOS ADXUNTOS
12. PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES OU PROBAS ESCRITAS
13. MODELOS PARA ESQUEMAS, RESUMOS, DEFINICIÓNS E CITAS
14. PROPIEDADES TEXTUAIS
15. CADERNO TIL (18/19)
 1. Pautas para a presentación de traballos, tarefas e textos
 2. Pautas para a presentación de exames.
 3. Pautas para respectar as propiedades textuais.
 4. Indicacións para elaborar unha definición.
 5. Indicacións para a elaboración dun esquema.
 6. Indicacións para a elaboración dun resumo.
 7. Indicacións para citar fontes, textos e obras.
 8. Indicacións para elaborar un texto expositivo.
 9. Indicacións para tomar apuntamentos.
16. PROGRAMACIÓN ENL 18-19

**Proxecto lingüístico do IES “Félix Muriel”
Curso 2018-2019**

En Rianxo, a 25 de novembro de 2018

A coordinadora do ENL

O director

Asdo: María Rodríguez

Asdo: Ramón Veiga

ANEXOS:

NOME

CURSO

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (Comprensión e expresión escrita)

(1ª sesión)

TAREFA: Le o seguinte texto e responde ás cuestións.

Unha rúa nun porto lonxano do norte. As tabernas están **acuguladas** de mariñeiros e botan polas súas portas o **bafo** quente dos borrachos. Xentes de tódalas **castes** do mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de gran amizade, cada un no seu falar. E sen entenderse, camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntales.

O mariñeiro que fala francés e mailo mariñeiro que fala inglés entran nunha taberna servida por un home gordo. Queren perder o sentido xuntos para seren máis amigos. ¡Quen sabe se despois de ben borrachos poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa non **rexe** co seu corpo, comenza a cantar:

*Lanchiña que vas en vela,
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

O mariñeiro que fala francés arregala os ollos, abrázase ó compañeiro e comenza tamén a cantar:

*Lanchiña que vas en vela,
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

¡¡A-iu-jú-jú!! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro, veu saír os dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana vermella escorregaron as bágoas. E dispois dixo para si nun láido saudoso:

Lanchiña que vas en vela.

Tamén o taberneiro era galego.



Unha rúa nun porto lonxano, Cousas da vida. Castelao (1926-1929)

CUESTIÓNS:

- De onde eran os mariñeiros? E o taberneiro? Por que se alegra o mariñeiro que falaba francés? Por que chora o taberneiro?
- Elabora un resumo do texto.
- Explica coas túas palabras o significado dos termos que aparecen en negriña e das expresións subliñadas no texto.
- Ao pasarlle o corrector ao texto, as seguintes palabras aparecen como incorrectas. Por que? Lonxano, amizade, puntales, comenza, dispois.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (Comprensión e expresión oral) (2ª sesión)

TAREFA: Atende á proxección da curtametraxe: [*Good night, mon ami!*](#)

Posteriormente participa no coloquio que se desenvolva na aula, centrado nas seguintes cuestións arredor do filme.

1. Resumo oral do contido da curta.
2. Semellanzas e diferenzas co relato anterior.
3. Explicación do título e a súa diferenza co título do relato.
4. Como é a lingua utilizada na curta? Coincide coa lingua utilizada no ámbito familiar ou na contorna?

ESTÁNDARES VINCULADOS (CCL)	ÍNDICES DE LOGRO				
	Moi bo 5-4	Bo 4-3	Regular 3-2	Baixo 2-1	Moi baixo 1-0
2. Comprende a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (instrucións, explicacións...) e é quen de seguir as indicacións para realizar as tarefas.					
17. Comprende o contido de textos académicos e é quen de servirse deles para a realización de tarefas escolares. (TIL)					
13. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizarlas e elaborar un resumo. (TIL)					
21. Produce textos escritos que compren coas propiedades textuais e é quen de servirse de esquemas, de adecuar o texto á situación comunicativa e de cometer escasos erros ortográficos ou de puntuación. Aplicando a autocorrección antes e despois de entregar a súa tarefa. (TIL)					
1. Comprende e interpreta a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais e é quen de elaborar un resumo respectando a coherencia e a corrección gramatical.					
3. Coñece e aprecia as normas de cortesía (escoita activa, interese e respecto) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.					
11. Produce textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico. (TIL)					
10. Coñece os prexuízos nos usos das variedades do galego e é quen de rexeitalos e usar a variante dialectal da súa contorna nas súas intervencións espontáneas.					
LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.					

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)**(3ª sesión)****TAREFAS:**

1. Con respecto a este documento audiovisual, <https://youtu.be/MBxRGdrAtQ0>, explica coas túas palabras de que tipo de documento se trata, cal é a súa finalidade e que se conta nel. (os subtítulos poden poñerse en portugués, español, francés, galego e inglés)

2. Mete nun círculo a palabra incorrecta.

irmán – hirmán - hermano – irmao – frère - brother
 grandmother - avoa – abuela – avó – grand-mère - aboa
 chaise - silla – chair – cadeira – cadeira - cadera
 falda - saia – jupe – saya – skirt - saia
 ajua – water – água – auga – léau - agua

3. Sinala a que tipo de palabra pertence cada unha das do seguinte enunciado:

O mariñeiro fala francés e o mestre do seu pequeno fillo responde rapidamente en inglés

Le marin parle français et le maître de son petit fils répond rapidement en anglais

O marinheiro fala francês e o mestre de seu filho pequeno responde rapidamente em inglês

The sailor speaks French and the teacher of his little son responds quickly in English

El marinero habla en francés y el maestro de su hijo pequeño responde rapidamente en inglés

4. Servíndote de dicionarios, corrixe as túas propias tarefas.

ESTÁNDARES VINCULADOS (CAA)	ÍNDICES DE LOGRO				
	Moi bo 5-4	Bo 4-3	Regular 3-2	Baixo 2-1	Moi baixo 1-0
27. Coñece un léxico adecuado e é quen de servirse del para as súas producións textuais en distintos contextos e rexistros.					
30. Coñece e aplica (con axuda) as normas ortográficas e morfolóxicas. (TIL)					
31. Recoñece (con escasas dúbidas) as clases de palabras. (TIL)					
34. Recoñece (con escasas dúbidas e autonomía progresiva) erros nas producións textuais e é quen de autocorrir e autoavaliarse. (TIL)					
LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.					

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

(4ª sesión)

TAREFAS:

1. Explica a seguinte gráfica. Segundo esa gráfica, poderíamos dicir que o galego é unha das linguas máis faladas do mundo? Por que?



2. A través do mapa, explica por que en América falan linguas da mesma cor que en España, Portugal e Reino Unido.



3. Con cal dos seguintes conceptos relacionarías o cartaz? Por que? Bilingüismo, diglosia, plurilingüismo, monolingüismo.



ESTÁNDARES VINCULADOS (CCEC)	ÍNDICES DE LOGRO				
	Moi bo 5-4	Bo 4-3	Regular 3-2	Baixo 2-1	Moi baixo 1-0
36. Valora as linguas como instrumentos para aprender a aprender e como símbolos da identidade dos pobos.					
40. Interpreta a situación sociolingüística de Galiza.					
35. E quen de relacionar varias linguas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra.(TIL)					
LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.					

	Imaxes	Inclúe ilustracións e gráficas pertinentes.	A maior parte das ilustracións son pertinentes .	Aproximadamente a metade das ilustracións son pertinentes	Inclúe poucas ilustracións Pertinentes ou case ningunha das solicitadas.	Non inclúe as ilustracións solicitadas.
	Combinación Texto - Imaxes	Utiliza imaxes, gráficas ou efectos que realzan o contido.	Utiliza imaxes e gráficas que realzan o contido.	Utiliza imaxes que realzan o contido.	En escasas diapositivas se serve de imaxes, gráficas ou efectos que realcen o contido.	A combinación de imaxes / gráficas / efectos e texto non é adecuada.
		Acaba cunha diapositiva na que resume as ideas	Acaba cunha diapositiva na que o resumo é	Acaba cunha diapositiva na que as conclusións	Acaba cunha diapositiva na que o resumo é demasiado	Carece de conclusión.

**RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CUXO SOPORTE É UNHA PRESENTACIÓN INFORMÁTICA
(3º-4ºESO)**

**ALUMNO/A
AVAL.**

CURSO-GRUPO

	Conclusións	principais expostas no traballo e engade unha interpretación propia que vincula eses contidos coa realidade actual.	demasiado extenso ou non recolle o exposto no traballo ou carece de interpretación.	constitúen un tópico e carece de interpretación.	breve e/ou xenérico e carece de interpretación.	
	Creatividade e orixinalidade	Utiliza un estilo propio e aporta unha visión orixinal sobre o asunto.	Procura un estilo propio e aportar ideas novas.	Procura un estilo propio, aínda que non o logra ou non aporta orixinalidade.	Segue as fontes ao pé da letra ou non aporta ideas novas.	Segue as fontes ao pé da letra e carece de orixinalidade.
	Fontes	Utilizou todos os recursos e fontes recomendados e achegou outros adecuados.	Utilizou a maioría dos recursos e fontes e achegou algún outro.	Utilizou bastantes dos recursos e fontes de consulta recomendados.	Utilizou só algúns dos recursos e fontes de consulta recomendados.	Non utilizou os recursos e fontes de consulta recomendados.

AUTOAVALIACIÓN:	COAVALIACIÓN:	AVALIACIÓN:
------------------------	----------------------	--------------------

INDICACIÓNS PARA CITAR FONTES, TEXTOS e OBRAS

PARA CITAR FONTES

Ao final de cada traballo de investigación, tarefa, ou actividade de produción textual, debemos citar sempre as fontes que utilizamos. O modelo de citación acordado no noso centro é o seguinte:

- Se se trata dun libro ou manual impreso, escribiremos o **nome do autor/a** (primeiro o apelido e despois o nome, separado por unha coma), ao que seguirán dous puntos e o **título da obra en cursiva**, separado por unha coma da **data de publicación**, que á súa vez se separará cunha coma da **Editorial**. Se podemos citamos as **páxinas que utilizamos** desa obra.

Exemplo: **MOURE, Teresa: *Ecolingüística*, 2011, Editorial Universidade da Coruña, pp 7-13.**

- Se se trata dunha páxina web, escribiremos o **nome da páxina**, indicando a quen pertence, o **nome do autor/a**, en caso de que sexa posible indicalo. Seguirá, precedido de dous puntos, o **endereço dixital**.

Exemplo: ***Lingua e Literatura* de Xano Cebreiro: <http://remexer.com/cuarto/>**

PARA CITAR TEXTOS

Ao longo das nosas producións textuais, precisamos facer referencia a fragmentos de textos. No noso centro acordamos o seguinte modelo de citación:

- Nos documentos escritos a man, as citas das obras ou textos van sempre entre comiñas.
- Nos textos dixitais, as citas van sempre en cursiva.
- En ambos casos deben engadirse entre parénteses o número de liña/s ou verso/s a que corresponden esas citas con respecto ao texto citado.

PARA CITAR OBRAS

- Nos documentos escritos a man, os títulos das obras deben ir subliñados.
- Nos documentos dixitais, irán en cursiva.

PROPIEDADES TEXTUAIS

✚ ADECUACIÓN (adaptación do texto á situación comunicativa)

- **Tipoloxía**
 - Estrutura determinada polo tipo de texto (narrativo, argumentativo, expositivo...)
 - Obxectividade adaptada á intención (informativa, apelativa, descritiva, expositiva...)
- **Ámbito**
 - Características adaptadas ao espazo en que se produce a comunicación (académico, social, xudicial, literario, medios de comunicación...)
 - Características adaptadas ao soporte usado (móbil, correo electrónico, papel, presentación informática, audiovisual...)
- **Rexistro**
 - Rexistro adaptado ao destinatario (formal ou coloquial)

✚ COHERENCIA (claridade e orde das ideas dun texto)

- Información precisa, que se cinxa ao tema
- Exposición de ideas non repetidas
- Exposición das ideas sen contradicións
- Organización da información de xeito progresivo e ordenado
- Exposición do contido con claridade

✚ COHESIÓN (relación axeitada entre os elementos dun texto)

- Uso de conectores textuais adecuados, para enlazar palabras, frases, oracións ou parágrafos.
 - Uso de hiperónimos, sinónimos ou substitutos pronominais para evitar repeticións.
 - Uso dos signos de puntuación de xeito adecuado.
 - Respecto pola concordancia gramatical.
-

✚ CORRECCIÓN (respecto polas normas gramaticais e ortográficas)

✚ PRESENTACIÓN (elaboración e deseño limpo e con intención estética, gardando marxes, separando títulos, apartados e parágrafos, utilizando sangrías...)

TRATAMIENTO INTEGRADO DE LINGUAS

**CADERNO TIL
COMUNICACIÓN**

IES FÉLIX MURIEL. 2018-19

PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS, TAREFAS E TEXTOS

- Entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca en lapis ou en calquera outra cor, sempre que se fagan a man. Nos traballos elaborados dixitalmente deberase empregar un tamaño de letra 18 para o título, 16 para o encabezamento de cada apartado e 12 para o corpo. O tipo de letra será *Arial*, *Times New Roman* ou *Verdana*.
- Deberán deixarse marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm). Debe haber unha distancia adecuada entre as liñas e estar aliñadas horizontalmente. Os parágrafos deben estar sangrados.
- En caso de traballos escritos, débese coidar a limpeza. Requírese que a letra sexa lexible.
- Estarán escritos por unha soa cara e unidas con grampas.
- Incluirán (sexa na **portada** (para os traballos) ou no **encabezamento** (para as tarefas e textos) a seguinte información: **Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación** á que pertence o exercicio. En caso de traballos, á portada seguiralle un **Índice** que recolla os apartados e as páxinas nas que estes se atopan, numeradas a partir deste índice. Acabarán sinalando as **Fontes** de información.
- Desenvolverán a estrutura do tipo de texto que se pida a través de distintos parágrafos:
 - Para un **texto expositivo**:
 - Introducción
 - Exposición (só información, sen opinión)
 - Conclusión
 - Para un **texto argumentativo**:
 - Presentación (hipótese ou dilema e postura ante o mesmo)
 - Argumentación (polo menos tres argumentos que sosteñan a opinión)
 - Tese
 - Para un **comentario**:
 - Contextualización
 - Desenvolvemento (análise do contido e da forma)
 - Interpretación (opinión)
- Os **prazos** indicados serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo.

PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES

- Debe empregarse exclusivamente bolígrafo azul ou negro: nin lapis nin *tipex*.
- Salvo indicación en sentido contrario, as respostas aparecerán nos folios en branco, non no exame.
- É conveniente deixar marxes para facilitar a corrección. Na medida do posible, evítanse as tachas.
- É obrigatorio sangrar os parágrafos.
- Non se utilizarán padróns.
- As páxinas estarán sempre numeradas e todas levarán o nome do alumno/a.
- Buscarase sempre a orde e a limpeza. Se, unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregaranse as notas a pé de páxina. Colocarase un asterisco (*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (*1/ *2) para facilitar a corrección do exame.

PAUTAS PARA RESPECTAR AS PROPIEDADES TEXTUAIS

✚ ADECUACIÓN (adaptación do texto á situación comunicativa)

- **Tipoloxía**
 - Estrutura determinada polo tipo de texto (narrativo, argumentativo, expositivo...)
 - Obxectividade adaptada á intención (informativa, apelativa, descritiva, expositiva...)
- **Ámbito**
 - Características adaptadas ao espazo en que se produce a comunicación (académico, social, xudicial, literario, medios de comunicación...)
 - Características adaptadas ao soporte usado (móbil, correo electrónico, papel, presentación informática, audiovisual...)
- **Rexistro**
 - Rexistro adaptado ao destinatario (formal ou coloquial)

✚ COHERENCIA (claridade e orde das ideas dun texto)

- Información precisa, que se cinxa ao tema
- Exposición de ideas non repetidas
- Exposición das ideas sen contradicións
- Organización da información de xeito progresivo e ordenado
- Exposición do contido con claridade

✚ COHESIÓN (relación axeitada entre os elementos dun texto)

- Uso de conectores textuais adecuados, para enlazar palabras, frases, oracións ou parágrafos.
- Uso de hiperónimos, sinónimos ou substitutos pronominais para evitar repeticións.
- Uso dos signos de puntuación de xeito adecuado.
- Respecto pola concordancia gramatical.

INDICACIÓNS PARA ELABORAR UNHA DEFINICIÓN

As definicións non teñen que imitar as fórmulas dos dicionarios, porque moitas veces esas fórmulas dificultánnos a comprensión do termo ou non aclaran realmente o seu contido. As definicións de termos solicitaranse sempre referidas ao contexto no que se atopa ese termo. Para elaborar unha definición adecuada debemos seguir estas indicacións:

1. Cada termo inicia a súa definición por un termo semellante, é dicir, a clase de palabra deberá ser a mesma e atoparse no mesmo número e xénero, ou no mesmo tempo modo e persoa.
 - os substantivos defínense iniciando a definición por un substantivo (recoméndase, sempre que sexa posible, usar un hiperónimo). Os verbos, por un verbo (respectando a súa flexión)...
2. Unha definición non é unha enumeración de sinónimos.
3. Non debemos incluír na nosa definición o termo que estamos a definir ou outro da mesma familia.
4. Debemos evitar sempre empezar as nosas definicións por expresións do tipo: “é”, “é como”, “é como cando”, “é como cando por exemplo”, “en plan”, “é cando”...
5. As definicións deben explicar. Non se poden dar exemplos.
6. Na definición deberanse utilizar as palabras propias, sen reproducir algo memorizado, pero cuxo contido non se comprende.

INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DUN ESQUEMA

PROCESO:

1. Lectura comprensiva do texto.
2. Subliñado das ideas principais no texto.
3. Selección das ideas principais.
4. Xerarquización das ideas principais.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

1. Contido (70%)

- a. Selección adecuada das ideas
- b. Organización adecuada desas ideas
- c. Non repetición de ideas semellantes
- d. Exposición sintética das ideas (sen superar unha liña)
- e. Exposición das ideas sen excesivo esquematismo (reducido á estrutura do texto)
- f. Exposición sen a presenza de elementos non verbais (guións, asteriscos, frechas...)
- g. Exposición a través dunha organización numérica que siga o modelo anterior

2. Forma (30%)

- a. Respecto polas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión)
- b. Respecto polas normas ortográficas e gramaticais
- c. Respecto polas pautas para a presentación de tarefas

1. Idea principal
 - 1.1. Idea subordinada á principal
 - 1.2. Idea subordinada á principal
 - 1.2.1. Idea subordinada á subordinada á principal
2. Idea principal
 - 2.1. Idea subordinada á principal
 - 2.1.1. Idea subordinada á subordinada á principal
 - 2.1.2. Idea subordinada á subordinada á principal
 - 2.2. Idea subordinada á principal
3. Idea principal
 - 3.1. Idea subordinada á principal
 - 3.1.1. Idea subordinada á subordinada á principal

INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DUN RESUMO

PROCESO:

1. Lectura comprensiva do texto.
2. Subliñado das ideas principais no texto.
3. Xerarquización das ideas principais.
4. Elaboración dun novo texto:
 - a. Usando as túas palabras
 - b. Respectando as propiedades textuais (Adecuación, Coherencia e Cohesión)
 - c. Usando a 3ª persoa (sen estilo directo)
 - d. Evitando interpretacións e opinións propias
 - e. Facendo uso da economía verbal

CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

1. Contido (70%)

- a. Un resumo non pode confundirse cun comentario de texto, isto invalidaría a súa avaliación.
- b. Identificación da intención comunicativa do texto a través do resumo (unha crítica, unha información, unha opinión, unha demanda, unha achega, etc..).

- c. Identificación correcta das ideas principais
- d. Organización adecuada desas ideas
- e. Capacidade de elaboración propia
- f. Capacidade de síntese
- g. Exposición da información textual sen opinións propias

2. Forma (30%)

- a. Respecto polas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión)
- b. Respecto polas normas ortográficas e gramaticais
- c. Respecto polas pautas para a presentación de tarefas.

OBSERVACIÓNS:

- Non poderán ser avaliadas as producións textuais que non se correspondan coa tarefa solicitada.
- No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

INDICACIÓNS PARA CITAR FONTES, TEXTOS e OBRAS

PARA CITAR FONTES

Ao final de cada traballo de investigación, tarefa, ou actividade de produción textual, debemos citar sempre as fontes que utilizamos. O modelo de citación acordado no noso centro é o seguinte:

- Se se trata dun libro ou manual impreso, escribiremos o **nome do autor/a** (primeiro o apelido e despois o nome, separado por unha coma), ao que seguirán dous puntos e o **título da obra en cursiva**, separado por unha coma da **data de publicación**, que á súa vez se separará cunha coma da **Editorial**. Se podemos citamos as **páxinas que utilizamos** desa obra. Exemplo: **MOURE, Teresa: *Ecolingüística*, 2011, Editorial Universidade da Coruña, pp 7-13.**
- Se se trata dunha páxina web, escribiremos o **nome da páxina**, indicando a quen pertence, o **nome do autor/a**, en caso de que sexa posible indicalo. Seguirá, precedido de dous puntos, o **endereço dixital**. Exemplo: ***Lingua e Literatura* de Xano Cebreiro:**
<http://remexer.com/cuarto/>

PARA CITAR TEXTOS

Ao longo das nosas producións textuais, precisamos facer referencia a fragmentos de textos. No noso centro acordamos o seguinte modelo de citación:

- Nos documentos escritos a man, as citas das obras ou textos van sempre entre comiñas.
- Nos textos dixitais, as citas van sempre en cursiva.
- En ambos casos deben engadirse entre parénteses o número de liña/s ou verso/s a que corresponden esas citas con respecto ao texto citado.

PARA CITAR OBRAS

- Nos documentos escritos a man, os títulos das obras deben ir subliñados.
- Nos documentos dixitais, irán en cursiva.

INDICACIONES PARA ELABORAR UN TEXTO EXPOSITIVO

Un texto expositivo dá a coñecer información con obxectividade, non aporta opinións, e faino cunha linguaxe clara e precisa.

Estrutura (partes dun texto expositivo)

- 0. Título.** Enunciado que nomea o tema.
- 1. Introducción:** Presentación. Achegamento ao tema e ao seu contexto. Serve para explicar o tema que se vai abordar: o porqué do seu interese, a súa actualidade, o enfoque que se lle vai dar... A súa extensión límitase a un parágrafo breve. **(Non debe supor máis do 10% do texto expositivo)**
- 2. Desenvolvemento:** Explicación. É o lugar onde realmente se achegan as explicacións arredor dos distintos aspectos do tema. Atópase dividido en parágrafos. Pódese facer de varias formas dependendo do tipo de tema que esteamos a tratar: **(Debe supor o 80% do texto expositivo)**
 - Analizando as causas polas que algo ocorre e logo analizando as consecuencias ou as solucións que pode ter.
 - Enumerando ou describindo as características ou as propiedades que posúe o obxecto ou a idea do que estamos tratando.
 - Expoñendo as ideas de maneira cronolóxica, é dicir, segundo van acontecendo no tempo.
 - Facendo unha comparación entre distintas ideas ou aspectos dun mesmo tema.
- 3. Conclusión:** Síntese básica das ideas expostas. Pode incluír unha reflexión sobre a actualidade ou cara ao futuro. A súa extensión límitase a un parágrafo. **(Non debe supor máis do 10% do texto expositivo)**

Expresión (precisión, obxectividade e claridade)

- 1. Léxico preciso:** Débense empregar termos específicos do tema, non termos como "cousa", que carece de significado preciso. Débense aportar datos: porcentaxes, datas, nomes...
- 2. Obxectividade:** Débense empregar sobre todo **oracións enunciativas con verbos en 3ª persoa ou estruturas impersonais** (pénsase que, considérase...).
- 3. Claridade:** Débense usar **expresións simples** que deixen claro cal é a relación que existe entre as ideas, a súa orde lóxica: se é unha explicación, se é unha exemplificación, se é unha idea que contrarresta a anterior... En consecuencia, débense utilizar os **conectores apropiados** (porque, para, porén, ademais...) que guíen a explicación (en primeiro lugar, a seguir, por outro lado...).

INDICACIÓNS PARA TOMAR APUNTAMENTOS

Vantaxes

1. Non te distraerás. É especialmente útil tomar apuntamentos para aqueles alumnos que tenden a distraerse con facilidade. .
2. Dependerás menos do libro. Tomar apuntamentos é máis importante canto máis avanzados son os estudos.
3. Aforrarás tempo. Tomar apuntamentos equivale a estudar a materia unha vez debido a que che obriga a estar atento e tentar comprender os contidos.
4. Valorarás o teu nivel de comprensión da materia, enseguida te dás conta de se entendes, xa que tomar apuntamentos require sintetizar o que se oe.
5. Distinguirás o importante do secundario. Porque a persoa docente o dirá: "isto é moi importante" ou porque o indicará dando énfase ás palabras ou repetíndoo.
6. Lembrarás as explicacións. Aínda que entendas as explicacións, cando pasasen uns días acordaraste de pouco.

Material

7. Usa folios en branco, que se irán almacenando na carpeta de linguas.
8. Non mestures os apuntamento das distintas materias.
9. Cando empeces un tema, usa un folio novo.

Como facelo

10. Anota só as ideas principais. Non se pode copiar ao ditado. Debes anotar as ideas principais coas túas palabras pero con rigor. Só copiarás ao pé da letra os datos como datas, definicións, fórmulas, nomes,...
11. Identifica os títulos. É necesario saber claramente o título de cada apartado e subapartado.
12. Se te perdes, deixa un espazo en branco e logo completaralo preguntando ao profesor/a ou aos teus compañeir@s. Mentres o profesor estea a explicar non debes tratar de completar os ocos porque aínda te perderás máis.
13. Escribe frases coherentes. Non se trata só de copiar moita información, senón ademais de que as frases que escribes teñan sentido en si mesmas.
14. Separa as ideas. Dedicar un parágrafo diferente a cada idea que expoña o profesor. E deixa algo de espazo entre parágrafo e parágrafo. Busca sempre a claridade.
15. Deixa espazos. Hai que deixar espazos ás marxes (sobre todo ao esquerdo) para, logo, poder anotar comentarios ou complementar os apuntamentos. Tamén deixarás espazos entre parágrafo e parágrafo.
16. Non só debe haber texto, senón tamén gráficos, debuxos, esquemas...
17. Podes usar frechas. As frechas serven para indicar relación entre conceptos na mesma folla. Poden ir dun a outro parágrafo. Non abuses das frechas porque os teus apuntamentos poden converterse nun galimatías.
18. É fundamental captar as indicacións que fai o profesor deste tipo: "isto é moi importante", "esta idea é clave", "isto hai que dominalo", "a partir desta fórmula dedúcese as demais", "concluindo...". Nestes casos é bo poñer na marxe "OLLO CAE EN EXAME", ou algo parecido.
19. Usa abreviaturas. Trátase de aforrar tempo. Tamén facilita a memoria visual. As abreviaturas deben ser claras e deben ser sempre as mesmas. Convén que as uses sempre que poidas. Cando prestes os apuntamentos aos teus amigos, deberás explicarllos. Hai abreviaturas admitidas oficialmente e outras non. Cada materia pode ter abreviaturas específicas. Exemplo:

Despois

20. **Non pases a limpo:** trátase de tomar os apuntamentos " decentemente" aínda que non sexan unha obra de arte. Só se pasará a limpo se o profesor/a esixe ter uns apuntamentos impecables e os valora para a nota. (Podería ocorrer nos cursos máis baixos mentres se aprende a ser ordenados e coidados@s).
21. Revisa os apuntamentos. Na casa, se é posible o mesmo día, revisa os apuntamentos. Especialmente se o tema foi difícil, co fin de fixar coñecementos e preguntar ao día seguinte o que non entenderas. Utiliza as marxes que deixaches en branco para: apuntar as dúbidas ou as ideas clave, marcar os conceptos para lembrar, ampliar, resumir, posibilidade de que ese apartado caia no exame, comentarios persoais...
22. Consulta aos compañeiros. Ponte de acordo cos amigos se vas faltar por algunha causa xustificada. Convén que dispoñas dalgúns compañeiros fiables a quen lle poidas pedir os apuntamentos en caso de necesidade.

**PROGRAMACIÓN DO EQUIPO
DE NORMALIZACIÓN E
DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

CURSO 2018-2019

IES FÉLIX MURIEL

RIANXO

ÍNDICE

<u>Breve estudo sociolingüístico do centro.....</u>	<u>4</u>
<u>Introdución a obxectivos e actividades.....</u>	<u>8</u>
<u>Obxectivos</u>	<u>9</u>
<u>PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES.....</u>	<u>11</u>
<u>LIÑA DE TRABALLO 1: DÁRMONOS A COÑECER.....</u>	<u>12</u>
<u> Actividade 1.- Presentación do EDLG ao profesorado novo no centro.</u>	<u>12</u>
<u> Actividade 2.- Presentación ás familias.....</u>	<u>13</u>
<u> Actividade 3.- Presentación ao alumnado.....</u>	<u>13</u>
<u>LIÑA DE TRABALLO 2: MANTERNOS NA REDE.....</u>	<u>15</u>
<u> Actividade 1: Mantemento e difusión da revista Bico da ría: www.bicodaria.org.....</u>	<u>16</u>
<u> Actividade 2- Mantemento e difusión do Blog O castelo da lúa (www.blogoteca.com/ocastelodalua).....</u>	<u>18</u>
<u> Actividade 3- Web RianxoFala.....</u>	<u>20</u>
<u> Actividade 4.- Redes sociais: manterse facebook e twitter e Instagram.....</u>	<u>21</u>
<u>LIÑA DE TRABALLO 3- RADIO RIANXO.....</u>	<u>22</u>
<u>LIÑA DE TRABALLO 4: PROMOCIÓN DA NOSA CULTURA.....</u>	<u>24</u>
<u> Actividade 1: “Coñece a música en galego”.....</u>	<u>24</u>
<u> Actividade 2: Fomento da lectura en galego.....</u>	<u>25</u>
<u> Actividade 3: Cinema en galego.....</u>	<u>28</u>
<u> Actividade 4: Coñecemos persoeiros vivos.....</u>	<u>29</u>
<u> Actividade 5: Félix Muriel no mundo audiovisual.....</u>	<u>29</u>
<u> Actividade 6: Axenda Cultural.....</u>	<u>30</u>
<u> Actividade 7: As nosas mulleres.....</u>	<u>30</u>
<u>LIÑA DE TRABALLO 5– CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN.....</u>	<u>32</u>
<u> Actividade 1- Calendario escolar.....</u>	<u>32</u>
<u> Actividade 2: Faladoiros. Fala comigo!.....</u>	<u>32</u>
<u> Actividade 3.- Ciencia en Galego.....</u>	<u>33</u>
<u> Actividade 4: As nosas festas en galego.....</u>	<u>34</u>
<u> Actividade 5: Abrindo portas á Lusofonía.....</u>	<u>37</u>
<u> Actividade 6: Familias diversas – Familias divertidas.....</u>	<u>38</u>
<u> Actividade 7: O Galego no noso IES.....</u>	<u>39</u>
<u>LIÑA DE TRABALLO 6.- HOMENAXES AOS PERSOEIROS DE 2018</u>	<u>40</u>
<u> Actividade 1: Difundir a figura homenaxeada nas artes galegas 2019.....</u>	<u>40</u>
<u> Actividade 2: Letras Galegas 2018: Homenaxe a Antón Fraguas.....</u>	<u>40</u>

<u>LIÑA DE TRABALLO 7: NORMALIZAR A TRAVÉS DOUTROS PROGRAMAS DO CENTRO.</u>	<u>42</u>
7.1.- Intervención desde o Tratamento Integrado de Linguas.....	42
7.2.- O Equipo no programa TEI.....	43
<u>LIÑA DE TRABALLO 8. EFEMÉRIDES.....</u>	<u>44</u>
<u>Actividade 1- Día contra a violencia machista.....</u>	<u>44</u>
<u>Actividade 2- Día de Castelao.....</u>	<u>44</u>
<u>Actividade 3- Día de Rosalía.....</u>	<u>45</u>
<u>Actividade 4.- Día da Lingua materna.....</u>	<u>45</u>
<u>Actividade 5: Día internacional da muller.....</u>	<u>46</u>
<u>Actividade 6- Semana da diversidade (funcional, sexual, cultural...).....</u>	<u>47</u>
<u>LIÑA DE TRABALLO 9: O ENL DO FÉLIX MURIEL VIAXA.....</u>	<u>48</u>
<u>Actividade 1. O Intercambio.....</u>	<u>48</u>
<u>Actividade 2. Saídas didácticas.....</u>	<u>50</u>
<u>LIÑA DE TRABALLO 10.- NORMALIZANDO EN COLABORACIÓN</u>	<u>52</u>
<u>Actividade 1: Colaborando co Concello.....</u>	<u>52</u>
<u>Actividade 3: Colaborando coa Biblioteca.....</u>	<u>52</u>
<u>PROFESORADO QUE INTEGRA O EDLG.....</u>	<u>54</u>

Breve estudo sociolingüístico do centro

Un ano máis, no IES Félix Muriel, analizamos a situación sociolingüística do alumnado que entra en 1º ESO para actualizar os nosos datos, así como tamén revisamos as características do alumnado que chega novo ao centro. A liña que percibimos é a que vimos describindo nos últimos anos.

A primeira enquisa sociolingüística que recolleu todo o universo do IES Félix Muriel foi no curso 2002-2003. Desde aquela ata este curso 2018-2019 hai constantes que se manteñen, tal e como vimos analizando en enquisas posteriores: 2007-2008, 2012-2013, 2016-2017 e 2018-2019 . Seguimos sendo un centro cun alumnado maioritariamente galegofalante e situado nun contexto coas mesmas características. Mais nos últimos anos (desde 2011) percíbese unha enorme castelanización que se detecta no alumnado que comeza en 1º da ESO e mais en todo aquel que chega de centros de concellos limítrofes, sobre todo de Boiro e A Pobra. Nas últimas enquisas sociolingüísticas realizadas entre todo o alumnado de 1º ESO aparecen datos alarmantes en canto á perda de galegofalantes iniciais e tamén á perda de galegofalantes habituais.

A continuación detallamos os diferentes aspectos:

- A **contorna sociolingüística do centro**

Galegofalante na súa maioría, cunha poboación diglósica con moitos prexuízos cara á lingua propia. Destaca a desgaleguización que está sufrindo o concello nos últimos anos, xa que cada vez é máis a xente nova que xa non fala en galego habitualmente, froito dunha fenda na transmisión da lingua interxeracional que sempre houbo en determinados sectores minoritarios, pero que se comezou a producir de maneira masiva hai pouco máis dunha década. Tamén atopamos nais e pais que só lle falan castelán aos fillos e fillas, nuns casos porque xa é a súa lingua habitual (os menos) e noutros casos porque deixan de transmitírllela aos seus descendentes (os máis).

Temos que destacar que o concello conta cun Servizo de Normalización Lingüística co que colaboraremos. O encargado de dito departamento chámase David Cobas e a coordinadora do Enl xa mantivo con el unha reunión o mércores 26 de setembro no centro, en dita reunión púxose de manifesto a boa predisposición de ámbolos dous a manter contacto e a colaborar en proxectos e actividades durante todo o curso académico.

- A situación do profesorado

O cadro de persoal do profesorado varía de forma diferente uns anos de outros no noso centro. Este curso chegaron catro profesoras novas.

Neste curso, arredor do 70% é castelanfalante, mais no centro só un 40% se mantén monolingüe en castelán, o resto emprega o galego ás veces para dirixirse a profesorado e alumnado galegofalante fóra das aulas.

Existe un 30% que emprega o galego sempre ou maioritariamente no centro, ben nas comunicacións orais, ben nas escritas, ben en ambas. Desta porcentaxe, un 20% declárase bilingüe, sendo o castelán a súa lingua de comunicación habitual fóra do centro (coa familia, amizades...).

Desde a aplicación do Decreto 79/2010 o emprego do castelán nas aulas de matemáticas, física e química e tecnoloxía (onde antes non era habitual) fixo que aumentase tamén nas relacións co profesorado destas materias fóra das aulas.

Destaca tamén como aumentou o uso do castelán na relación do profesorado coas familias.

- A situación do alumnado

Maioritariamente galegofalante cun índice de **castelanización** cada vez máis elevado nos cursos baixos que se percibe sobre todo nos últimos anos. O número de monolingües en castelán aumentou de maneira alarmante, tanto porque cada vez entran no centro en 1º de ESO máis nenos e nenas que teñen como lingua materna o castelán, como porque se manteñen con usos

monolingües durante todo o tempo que están no IES, e ademais fan que o alumnado que ten o galego como lingua materna empregue o castelán para interactuar con eles. De feito, atopamos na ESO alumnado nacido en Rianxo, sen competencia mínima en galego. Apenas temos alumnado inmigrante, catro alumnos naceron en Hispanoamerica (dous en Perú e dous en O Salvador), unha alumna naceu en Romanía (2º CICLO), unha alumna naceu en EEUU, unha en Portugal, dous en Suiza, un en Bélxica e unha nena en Alxeria. Ningún deles chegou este ano, e todos estiveron escolarizados xa o ano pasado en centros da comunidade. Mención especial merece o caso da nena de Alxeria que se escolarizou por primeira vez o ano pasado nun proceso de inmersión lingüística. A esta ofrecéronselle, no seu momento, todas cantas medidas de atención á diversidade tiñamos ao noso dispor, dándolle, co permiso da inspección, prioridade o estudo das linguas por encima das disciplinas científicas.

Consideración á parte ten o ciclo formativo (da rama de atención á comunidade) que se imparte no centro que, dado que é único na comarca, acolle alumnado dos concellos limítrofes do Barbanza-Arousa-Norte (Boiro, Pobra e Ribeira), moito máis castelanizados, polo que a súa lingua habitual é en grande medida o castelán. Tamén hai alumnado galegofalante, residente no concello rianxeiro, pero boa parte del leva fóra do sistema educativo varios anos. Todo isto deriva en que o emprego do castelán nas dúas aulas do ciclo é proporcionalmente superior ao do galego.

A castelanización está en relación co que consideramos o **maior problema sociolingüístico** que presenta o noso alumnado: a baixa consideración da lingua propia. Os **prexuízos** compartidos cos da poboación rianxeira en particular, e moitos deles cos da sociedade galega en xeral, fai que os que empregan o galego como lingua coloquial no seu contorno, usen o castelán como lingua do rexistro culto. Polo tanto é a súa lingua habitual cando saen fóra da súa localidade, falan con xente que non son do seu círculo de coñecidos ou realizan actividades para as que cren que o galego non é apto (realizar un vídeo para youtube, por exemplo).

A todo isto hai que engadir que na enquisa elaborada para o plan lector detectouse unha preferencia moi alta pola lectura en castelán a todos os niveis.

- A situación lingüística do centro

A nivel centro, o galego ten unha presenza bastante axeitada. O persoal non docente emprega esta lingua de xeito maioritario para atender o teléfono e para a redacción da documentación administrativa. A rotulación do edificio está tamén en galego.

O diferentes departamentos teñen xa funcionamentos que dependen moito dos propios usos dos seus membros. Con todo, queremos resaltar:

1- A biblioteca, coa que colaboramos activamente, presenta moitas actividades en galego

2- Incluíuse nas NOF que ás persoas que veñan ao centro, dar charlas de calquera tema e convocadas por calquera departamento, hai que convidalas a que empreguen -na medida das súas posibilidades- o galego. Recórdaselle sempre á vicedirección e mais a orientación (por teren na maioría dos casos trato directo con aquelas) pero o resultado da intervención é bastante pobre. Case nunca se lles chega a avisar de que o galego é a lingua maioritaria do alumnado, do centro.... para estimulalos, nunca obrigar, a que falen en galego.

3- Os membros dos departamentos de linguas estamos traballando no TIL (Tratamento Integrado de Linguas) e toda a documentación que estamos sacando está só en galego.

4- Tamén desenvolvemos o Programa TEI (Titoría entre Iguais) e a documentación base que elaboramos o profesorado sae toda en galego.

Introdución a obxectivos e actividades

Debido a que non é nada doado desenvolver un labor para eliminar prexuízos lingüísticos e afianzar falantes, buscamos desenvolver un proxecto que incida de maneira transversal nos prexuízos existentes entre os galegofalantes.

O Equipo de dinamización da lingua galega (vid. Integrantes na páx. 57) aglutina un número importante do profesorado que xa ten experimentado unha dinámica importante de traballo en grupo desde hai moitos anos (o 60% do profesorado do EDLG leva 10 ou máis anos traballando en conxunto). Con todo, nos últimos tempos e debido á maior presión horaria que temos, moito do traballo en grupo temos que desenvolverlo axudados polas novas tecnoloxías. Así, acudimos a un **grupo de correo de gmail** de todo o profesorado a través do que nos comunicamos para ir vendo, desde propostas para implementar determinadas actividades, ata a revisión da programación trimestral, pasando por todos os arquivos de proba de calquera actividade. Empregamos tamén o drive para compartir documentos de texto nos que todos temos que engadir ou puntualizar calquera cuestión, para subir arquivos (texto, audio, vídeo...) cos que queiramos traballar varios, etc. Para resolver cuestións máis puntuais, dar avisos ou compartir fotografías de actividades empregamos **grupos de whatsapp**, un exclusivo do profesorado e outro con alumnado.

O alumnado, o profesorado e os membros do persoal non docente do ENDL somos un **equipo** e como tal funcionamos. Para iso hai que xuntarse en horario non lectivo e nel desenvolver a practicamente todas as súas actividades. Reunímonos durante os recreos e os luns ao mediodía (xa que temos clase pola tarde) pero aínda así nunca coincidimos todos (gardas, atención a familias ou extensión de titorías con alumnado...)

Para as comunicacións co alumnado empregamos o correo electrónico do equipo que xa foi creado en 2006. O alumnado que está na actividade da radio creou o seu propio correo para centralizar as comunicacións arredor deste proxecto e compartir todos os materiais nun **drive**.

Polo tanto, a implicación dun número moi importante de membros da comunidade educativa no desenvolvemento directo deste proxecto, consideramos que é un elemento clave para garantir o seu éxito.

Obxectivos

A longo prazo:

- 1- Mellorar as actitudes cara á lingua propia en toda a comunidade educativa.
 - a. Concienciar a alumnado, profesorado e familias galegofalantes de non abandonaren a lingua fóra do seu contexto habitual, con persoas que entendan o galego.
 - b. Eliminar prexuizos comúns na comunidade educativa rianxeira: “falan mal galego”, “o galego é de aldea, bruto”; “falando galego non se ten futuro”, etc.
- 2- Fomentar o uso do rexistro formal do galego (lectura, escritura, oralidade).
- 3- Promover o orgullo dos galegofalantes pola propia lingua
- 4- Animar, impulsar e asentar a castelanfalantes habituais a empregaren o galego de xeito habitual no centro.

A curto prazo:

- 5- Fomentar o uso do galego oral en todos os contextos
- 6- Crear espazos de uso para os castelanfalantes, minoritarios, pero que van en aumento.
- 7- Provocar a reflexión entre o alumnado e profesorado sobre os propios usos diglósicos para posteriormente mudalos.
- 8- Promover a lectura en lingua galega entre toda a comunidade educativa
- 9- Difundir a cultura galega en todas as súas manifestacións: artes plásticas, festas tradicionais, música, literatura, cinema...
- 10- Promover o galego a través da proxección do mundo lusófono.

- 11- Levar o galego ás actividades máis comúns do mundo adolescente (música, redes...)
- 12- Espertar o interese pola riqueza inmaterial existente na tradición oral familiar
- 13- Ofrecer o tema da onomástica como motor para poñer en valor do propio
- 14- Enganchar o alumnado no propio proceso de normalización do galego a través de actividades e accións nas que se sinta cómodo.
- 15- Fomentar a reflexión sociolingüística xeral
- 16- Seguir mantendo toda a infraestrutura relacionada coas novas tecnoloxías: revista dixital, blog, páxina web, redes sociais...

- 17- Seguir enchendo de contidos a **web RianxoFala**.
- 18- Seguir a desenvolver a **Radio escolar**.
- 19- Manter contacto continuo coa sociedade rianxeira a través de diferentes foros nas distintas actividades.
- 20- Difundir o audiovisual feito en galego
- 21- Seguir colaborando co Concello de Rianxo e coas demais asociacións rianxeiras
- 22- Seguir colaborando cos centros de ensino do concello e cos da comarca.
- 23- Establecer novos contactos e intercambios con centros de ensino de fóra da comarca

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

A continuación vanse describir as diferentes actividades que se desenvolverán durante este curso. Preséntanse agrupadas en once liñas de traballo diferentes. Cada unha delas divídese en varias actividades que, á súa vez, poden ter dentro máis dunha acción.

A maioría das actividades que deseñamos son plurianuais, en moitos casos porque xa levamos anos desenvolvéndoas (revista, blog, web RianxoFala) e outras están comezando configuradas como tales (A Radio que comezou o curso pasado, o Proxecto de Onomástica...). Algunhas son repetidas porque pretendemos instaurar determinadas accións en determinadas datas (Concurso de recitado por Rosalía, Lectura en alto de textos do homenaxeado polas Letras...).

Con todo, tamén hai algunhas actividades ou accións que están deseñadas só para este curso académico porque procede que así sexa (homenaxe a Antón Fraguas no día das Letras Galegas 2019).

LIÑA DE TRABALLO 1: DÁRMONOS A COÑECER

Obxectivos:

Dar a coñecer o EDLG ás familias, ao profesorado e ao alumnado novo no centro

Manter a presenza constante no IES

Descrición: Consideramos fundamental arrancar cada curso escolar coa presentación do Equipo ao profesorado e ao alumnado novo no centro e ás familias. Aínda que hai actividades que pretenden dinamizar tanto o profesorado como ás familias, organizamos algunhas que se centran especificamente en cubrir o obxectivo de achegar o equipo ao profesorado e aos membros das familias.

Á marxe de accións específicas para estes grupos, tamén mantemos durante todo o curso o **Taboleiro de normalización e o taboleiro da lingua** no que colocamos toda a información que ten que ver co ENDL: aviso de actividades, recordatorios de reunións, notas de prensa ou noticias que teñan que ver coa normalización...

As seguintes actividades son as que imos desenvolver de maneira específica:

Actividade 1.- Presentación do EDLG ao profesorado novo no centro.

Descrición: Combinar co profesorado novo no centro e buscar a mellor fórmula de presentarlle o Equipo e o labor que facemos non pode reducirse a unha fotocopia que se lles entregue a principios de curso no casilleiro onde se relate que é o noso EDLG e que actividades desenvolve.

Este curso como novidade no centro presentamos o ENL nun claustro ordinario que tivo lugar o 4 de outubro de 2018, nel presentáronse tamén outros grupos de traballo cos que colabora activamente o ENL (ver en anexos a convocatoria de claustro)

Tamén elaboramos un documento que se lles reparte fotocopiado e mais que se manda por correo electrónico para que teñan os enlaces aos sitios

web, mais, tan pronto pasen as primeiras semanas, cómpre dedicar un tempo a conversar con eles explicándolles a misión que temos no centro, en que medida eles poden contribuír para melloraren os usos da lingua no IES ... Sempre con moita man esquerda despois de tantearmos as súas posturas ao respecto do galego e do seu proceso de normalización. Tamén os convidamos a pasar polo local do Equipo nun recreo para ver a actividade do alumnado e tamén tentamos quedar con eles noutros momentos para poder mostrarlles con calma os proxectos que estamos a desenvolver.

Orzamento: 0 € (fotocopias a cargo do centro)

Temporización: setembro - outubro (todo o curso para o profesorado que se vaia incorporando: substitucións)

Actividade 2.- Presentación ás familias

Descrición: Elabórouse un documento que se entregou aos pais e nais do alumnado de 1º ESO na reunión que estes tiveron cos titores/as para lembrarlles os nosos obxectivos e mais as actividades que se desenvolven.

Por outro lado, dedicamos esforzos a traballar co titores/as destes cursos antes das reunións que se realizaron coas familias a principios de curso. Fixemos un labor didáctico primeiro co profesorado que exerce esta función para que poidera transmitírllela ás familias.

Temporización: outubro

Orzamento: 0 € (fotocopias a cargo do centro)

Actividade 3.- Presentación ao alumnado

Descrición: O alumnado novo no centro organizóuselle este ano unha reunión conxunta no salón de actos onde o alumnado de niveis superiores lle explicou de primeira man cal é o funcionamento do Equipo, que proxectos temos e que é o que facemos.

O alumnado de 1º ESO acudiu acompañado do profesor ou profesora co que tivera clase nese momento. Alí estaba o alumnado de 2º ESO que foi pouco a pouco, apoiado nunha presentación en power-point, falándolles de todas as

actividades que realizabamos. Comezaron polas plurianuais e nas que xa se podían enganchar: blog, revista, radio.... Pero tamén se falou en xeral de actividades que sen seren plurianuais teñen certa tradición: sesións de lectura en días sinalados, concursos de recitado, elaboración de cartelería, organización de proxectos...

Un tratamento diferente merece o alumnado de ciclo que chega novo para cursar o 1º curso desde outros centros. O labor de presentación faise a través do seu profesorado titor e mais de algún alumno que xa fixo a ESO no centro e estivo no ENDLG ou tivo contacto con el.

Orzamento: 0 € fotocopias a cargo do centro

Temporización: outubro - novembro

LIÑA DE TRABALLO 2: MANTERNOS NA REDE

(Actividade plurianual)

Obxectivos específicos:

- Ofrecerlle ao alumnado plataformas dixitais nas que poidan expresarse por escrito en rexistro culto fomentando así o uso do galego estándar entre alumnado galegofalante que prefire escribir en castelán.
- Facer partícipe activo ao alumnado do equipo dos proxectos do EDLG pois eles actúan como redactores, toman decisións, opinan, fan propostas...
- Ofrecer espazos nos que todos os membros da comunidade educativa poidan expresar libremente o que pensan empregando a lingua galega.
- Familiarizar a toda a comunidade educativa coas novas tecnoloxías

Descrición:

Desde o ano 2007 temos en marcha o blog e a revista do IES como plataformas para que publiquen os seus textos os membros da comunidade educativa, tendo un peso especial o alumnado. Son eles e elas os redactores e autores dos artigos e tamén quen os cargan na web correspondente. A pretensión do EDLG é que o alumnado se responsabilice das diferentes seccións e escriba con certa periodicidade en galego estándar nunha delas, ou mesmo nas dúas (abaixo explicamos o procedemento). En principio o blog está destinado a noticias breves, das que se encargaría aquel alumnado dos cursos máis baixos. Ademais a simplicidade técnica deste permítenos iniciar o alumnado no mundo dixital para logo dar o salto á revista. Por outro lado, hai rapaces e rapazas que non son quen de escribiren artigos para a revista pero si que lles gusta redactar entre catro e doce liñas para falar de temas que os motivan ou ben para presentar algún vídeo, cartaz ou información relevante.

A revista, pola súa banda, está destinada a artigos máis grandes e máis elaborados por parte do alumnado e tamén recolle textos do profesorado do

centro, pero tamén textos de persoeiros de Rianxo que participaron, ou non, no libro Creador@s de Rianxo.

Por outro lado está a web do Proxecto RianxoFala que se enche co material elaborado polo alumnado pero que só o sobe o profesorado. Fronte ás outras dúas plataformas, a complexidade desta non nos permite abrila ao alumnado para que colgue a información, polo menos de momento. Este curso, debido ao peso doutras actividades, a actividade desta web non vai ter o mesmo peso ca en anos anteriores.

A continuación detallamos as principais actividades nas que traballaremos para desenvolver esta liña de traballo:

Actividade 1: Mantemento e difusión da revista *Bico da ría*: www.bicodaria.org

A revista permite ter, ademais de un administrador xeral, varios editores e un grupo de redactores. Existe un número considerable de alumnos e alumnas que son redactores/as e que están dados de alta para que eles escriban directamente na revista, poñan as imaxes e que -cando pensan que o artigo está listo para publicar- o coloquen na bandexa de revisión para que algún dos docentes que actúan como redactores o revisen. Neste caso os artigos aparecen co nome do autor/a inserido de forma automática no propio artigo.

No caso do alumnado que -de maneira esporádica ou non tan esporádica- escribe artigos pero non está dado de alta como redactor, envíaos por correo ou entrégaos no local do ENDL e o profesorado da redacción cárgaos. Estes saen sempre por defecto coa autoría de “Redacción” e coa indicación “Por + nome do alumno/a”. Este mesmo procedemento se lle aplica ao profesorado ou persoas externas ao centro que colaboran na revista.

Hai colaboradores e autores que escriben sempre para unha determinada sección (o caso de Creador@s, por exemplo) pero a maioría do alumnado que se anota como autor, dáse de alta na plataforma, e logo cando ten tempo escribe, ou ben do que lle apetece e lle gusta (que pode cadrar nunha sección concreta), ou ben se fai cargo dalgún encargo que teñamos pendente.

A revista ten **seccións** fixas que sufriron algunhas modificacións desde a súa creación, mais que este curso van seguir da mesma maneira que as deixamos o pasado. Son as seguintes:

- *Nós, normalizando*- Mostra dinámicas normalizadoras propias e alleas, presentando tamén información sobre distintas linguas minorizadas no mundo. Conta coas seguintes subseccións:

- a) *"Globalizando"* centrado na lusofonía

- b) *"O baúl do desprestixio"* onde teñen cabida todos os comentarios a situacións de abusos e desprezos cara á nosa lingua.

- *Proxectos do equipo*- Aquí están recollidos os artigos que teñen que ver con algúns dos grandes proxectos que desenvolvemos no equipo.

- *Fomento da lectura*- Esta sección pasou a englobar outra chamada "Club de lectura" que xa existía desde hai anos e que agora está só destinada a publicar artigos dos participantes no club de lectura. Desde o curso 2013-2014 esta sección de Fomento da lectura é a saída ao mundo da biblioteca do centro e dentro contempla outras subseccións, ademais da xa citada, como:

- a) Eu xa o lin e

- b) *Recomendacións*

- c) *Actividades (relacionadas co fomento da lectura).*

- c) *Novas e concursos*

- *O IES rebole*- Dedicada ás actividades complementarias realizadas no centro, organizadas por calquera departamento.

- *Deportes*. Destinada aos artigos que describan deportes, anuncien crónicas deportivas, etc.

- *Música de aquí e de acolá*, Destinada a dar información de grupos, actuacións, actividades... todo o que teña que ver co ámbito musical de interese do alumnado e profesorado.

- *Sabías que..?* Calquera artigo que recolla un tema especializado de calquera área. Aquí entran desde curiosidades que os alumnos descubren ata pequenas investigacións que realizan, mesmo informacións sobre cuestións non académicas pero que eles dominan (por exemplo, a maxia)

- *O curruncho de artistas.* Agrupa aqueles textos de creación lingüística e plástica do alumnado e profesorado.
- *Novas do IES.* Espazo no que se dá conta de noticias varias do IES que o alumnado e o profesorado consideran de interese.
- *Creador@s.* É a sección última que se creou para acoller as colaboracións de todos os creadores/as nas diferentes facetas artísticas de Rianxo. Ademais dos que xa colaboraron no libro *Creador@s* de Rianxo, convidaremos a outros novos dos que daquela non tiñamos constancia.

Destinatarios: Toda a comunidade escolar con acceso a internet, pero – coma calquera produto que se colga na rede- é susceptible de interesar a todo aquel usuario que estea atraído polos contidos, sobre todo alumnado que xa saíu do centro ou persoas interesadas na normalización da lingua.

O enderezo da revista dáselle a principios de curso ás familias para que a visiten e sigan o traballo do centro e as publicacións do alumnado.

Colaboración: Colabora a biblioteca na sección que ten que ver coa lectura, club de lectura e promoción do libro galego. Tamén ex-alumnos/as que envían algúns artigos e mesmo autores de Rianxo ou que veñen ao centro que nos envían desde documentos orixinais a outros que serviron de base para charlas impartidas no centro.

Temporización: Todo o curso

Orzamento: 196,81 € para o aluguer do aloxamento e a renovación do dominio en Dinahosting

Actividade 2- Mantemento e difusión do Blog *O castelo da lúa* (www.blogoteca.com/ocastelodalua)

Comezaremos este curso coas mesmas seccións que tiñamos:

O conxunto das seccións son:

- a) *Ollada crítica*. Destinada a recoller textos de toda a comunidade educativa facendo valoracións críticas do seu contorno máis próximo.
- b) *Da xouba á sardiña*. Alumnas e alumnos verten as súas receitas ou as das súas casas.
- c) *O mundo do ensino*. Énchese con calquera texto que teña que ver directamente coa temática que evoca.
- d) *Cousas*. Acolle todos os traballos que non encaixan noutras seccións.
- e) *Relatos*. Textos de creación do alumnado
- f) *Novas lingüísticas*. Cuestións relacionadas coa(s) lingua(s)
- g) *Músicas galegas*. Reprodúcese a información recollida nas investigacións feitas dentro da actividade “RianxoFala na música” que continuaremos no presente curso.

Desde que comezou a funcionar o blog cada vez o alumnado ten máis competencia dixital, pero aínda así, moi poucos teñen escrito nada nun blog cando chegan ao IES en 1º ESO. Durante todos estes anos fomos mudando algunhas cuestións que non nos funcionaban e agora os procedementos son os seguintes:

- O alumnado máis experimentado e de confianza ten a clave de entrada e xa carga a información directamente marcando a pestana de borrador (algo que é inevitable que esquezan ás veces)
- O alumnado máis novo ten que cargar información só nos recreos no local do equipo cando, ou profesorado ou alumnado experimentado lle abren o sitio.

É moi raro que se recollan artigos en papel para pasar, porque normalmente xa escriben todos directamente na pantalla, ou ben nun documento de word. Así, o proceso de revisión e corrección por parte do profesorado, que se facía orixinariamente en papel provocaba que o blog perdese frescura e que o alumnado perdese interese en participar nel, realízase no propio blog naqueles artigos que están en borrador. Ás veces, tal e como

comentei, pódelles esquecer marcar o modo borrador, pero xa levamos anos arriscando a que saia á luz algún texto mal escrito, con tal de que teña actualidade o blog e que sirva de engancho para o alumnado. Ademais, aínda que o alumnado agora semella ter certa moita competencia dixital, aínda cómpre darlles instrucións para subiren vídeos e fotos nos artigos.

Destinatarios: Toda a comunidade escolar con acceso a internet, pero - coma calquera produto que se colga na rede- é susceptible de interesar a todo aquel usuario que estea atraído polos contidos, sobre todo alumnado que xa saíu do centro ou persoas interesadas na normalización da lingua.

O enderezo do blog, igual ca o da revista, dásele a principios de curso ás familias para que o visiten e mesmo que se animen a colaborar.

Temporización: Todo o curso

Orzamento: 0 €

Actividade 3- Web RianxoFala

Descrición:

Rianxo Fala comezou sendo un proxecto que pretendía mostrarlle ás e aos rianxeiros que tiñan un patrimonio de incalculable valor que debían conservar. Arredor dos tres eixos temporais: pasado-presente - futuro mostrados a través da conxugación do verbo FALAR: Falaron-falamos-falaremos comezamos a producir materiais, a recompilar informacións, a deseñar e desenvolver campañas... O proxecto todo podería ser infinito mais a súa plurianualidade leva a que enchamos a web moi pouco a pouco. Desde que arrancam no curso 2013-2014 organizamos a estrutura e fomos avanzando na inclusión de contidos. Desde o curso 2014-2015 déuselle un grande impulso porque tiñamos como eixe central o proxecto que recolle a páxina. O curso pasado e mais este, continuamos a encher de contidos a páxina a partir dalgunhas das nosas accións. Buscamos sempre cubrir os seguintes

obxectivos:

- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa, e a toda a poboación rianxeira, as diferentes accións que se levan realizando durante os tres cursos anteriores e mais todo o que se faga durante este curso.
- Ter na rede un espazo de almacenamento organizado arredor de moitos diferentes aspectos do mundo rianxeiro.
- Realizar gravacións de voz do propio alumnado e mais das súas familias sobre calquera aspecto que sexa tema desta páxina.

Este proxecto funcionou durante anos como un lugar no que recoller e difundir moito do material producido desde o ENL, mais non foi demasiado atractivo para o alumnado, polo que neste curso valoraremos cal será o seu futuro.

Temporización: Todo o curso

Orzamento: 141,57€ euros aproximadamente para a renovación do dominio e aloxamento.

Actividade 4.- Redes sociais: manterse facebook e twitter e Instagram

(Actividade plurianual)

Descrición: Empregaremos as redes sociais máis coñecidas entre o alumnado para difundir as actividades e as novidades do ENL entre toda a comunidade educativa.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 0 €

LIÑA DE TRABALLO 3- RADIO RIANXO

Obxectivos:

Como obxectivos xerais, establecemos os seguintes:

- Animar a participación de alumnado e familias no proxecto do ENDL a través da radio
- Poñer en valor a lingua dos galegofalantes do concello de Rianxo
- Animar aos que non falan a lingua propia a usala
- Fomentar o orgullo pola lingua de seu a través da cultura propia
- Ligar a promoción da lingua coas novas tecnoloxías

Descrición: Arrancam no curso 15-16 co noso proxecto de radio, para iso houbo un grupo de alumnos/as que se formaron, tanto na parte xornalística como na parte técnica. Desde ese curso houbo moitos cambios no equipo de redacción, polo que foi necesario unha continua formación a cargo de profesionais de diferentes ámbitos: xornalistas, técnicos... que deberá continuar para ampliar os nosos coñecementos en edición e redacción.

Na actualidade o grupo de alumnado que traballou na radio no curso pasado está moi interesado en proseguir coa súa labor e contamos con que o alumnado de 1º de ESO tamén se anime a participar.

Iniciaremos a produción de cada programa coa elaboración da escaleta nun documento en Drive de Gmail e, tras a revisión deste, iniciarase a grabación do programa durante os recreos, para posteriormente proceder a edición deste. Todo o material creado para cada programa cargarase no drive dun correo electrónico creado para tal fin: radiorianxofala@gmail.com, co fin de centralizar todo o material elaborado e facilitar a edición final do programa.

Este curso volveremos a ter formación técnica (29 de novembro) e formación para a elaboración de escaletas.

Como novidade este ano crearemos unhas credencias para que o alumnado que faga as entrevistas poda acreditarse como alumnado colaborador de Rianxofala. A idea xurdiu para non só profesionalizar a figura do entrevistador, senón tamén para que se visibilice o seu traballo promocionando o logo da nosa radio.

En principio manteremos as seguintes seccións :

- Noticias do IES
- Noticias de Rianxo
- Outras noticias de interese
- Algunha reportaxe con algunha entrevista
- Entrevista a fondo
- Deportes
- Música

Loxicamente esta distribución poderá ser modificada en función do tipo de programa.

Este curso imos tentar continuar producindo programas de radio e ademais buscaremos involucrar á poboación de Rianxo na actividade, non só escoitando, senón tamén a través das entrevistas e diferentes gravacións.

Orzamento: 200€ para material diverso e 500 € para formación

Temporización: todo o curso

Colaboración: Dirección do IES, Comunidade escolar, Poboación de Rianxo

LIÑA DE TRABALLO 4: PROMOCIÓN DA NOSA CULTURA

Actividade 1: “Coñece a música en galego”

Continuamos con esta actividade plurianual que este ano se vai desenvolver con diversas accións pra cubrir os seguintes obxectivos:

Obxectivos:

- Darlle a coñecer ao alumnado tanto a música tradicional a través dos instrumentos populares galegos e mais a música actual.
- Poñer en valor a nosa cultura popular, principalmente a música
- Ligar a nosa música e cultura popular coa lingua mais sen que se identifique unicamente con este tipo de música.
- Mostrar que o galego é válido para calquera realización musical actual
- Reforzar a nosa identidade

1.- Damos a coñecer a nosa música

Descrición: Continuaremos coa divulgación de música galega actual de diferentes estilos a través da radio, das redes sociais, etc.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 0€

2- Subtitulamos vídeos

Descrición: Continuaremos coa subtitulación de letras de cancións en galego e proporemos ao alumnado a tradución de letras de cancións inglesas ou francesas ao galego como actividade interdisciplinar TIL co obxectivo de normalizar o uso do galego nas traducións.

O material elaborado cargarase no canal de Youtube asociado a conta de correo do equipo e organizarase dentro desta por estilos musicais.

A información actualizada de toda esta actividades tentarase que pase tamén a formar parte de artigos da revista, sección de música, e mais do blog.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 0€

Actividade 2: Fomento da lectura en galego

Obxectivos:

- Fomentar a lectura en lingua galega, tanto literaria como non literaria.
- Normalizar a lingua galega a partir da súa literatura

Tal e como indicamos na introdución e no estudo sociolingüístico, o noso alumnado aínda é maioritariamente galegofalante pero presenta grandes prexuízos cara á súa lingua e a súa cultura e chega a secundaria preferindo, maioritariamente, ler en castelán e non en galego, a pesar de ser este ámbito un dos que ten depositados maiores normalizadores. Polo tanto, seguiremos co apoio decidido á lectura -literaria e non literaria- en lingua galega, igual ca nos últimos cursos. Colaboramos cos proxectos da biblioteca e organizamos tamén coa biblioteca actividades propias de fomento da lectura en galego.

Destacamos dúas accións fundamentais

- Fomento da lectura en lingua galega

Descrición: Desde o Equipo estamos sempre pendente do fomento da lectura en lingua galega e dentro deste obxectivo deseñamos diferentes accións. Algunhas teñen un carácter fixo e pasivo, como pode ser a solicitude de manter mediante renovación a subscripción a tres publicacións periódicas que

temos en lingua galega (A “Revista galega de educación”, a revista “Tempos Novos” e o xornal “Sermos Galiza”).

Tamén ofrecemos un par de espazos na rede para o fomento da lectura dentro da **revista dixital Bico da ría, coa sección Fomento da lectura** destinada á biblioteca do centro, cuxas responsables son tamén membros do ENDL. Dado que cremos nos proxectos do centro de xeito integrado e xa que a revista Bico da ría ten percorrido entre a comunidade educativa, acordouse que sería bo que se usase esta plataforma no canto de ter outra diferente para colgar a información específica da biblioteca.

Dentro desta sección introducimos unha subsección “**Club de lectura (Exlibris)**” na que se recollen artigos sobre os libros do club de lectura.

Temporización: Todo o curso

Colaboración: biblioteca

Orzamento: 200 € subscricións periódicas (Sermos, A revista galega de educación) pagadas polo centro

- Lecturas de contos nos colexios de infantil e primaria (Apadriñamento lector)

Obxectivos:

- Fomentar a relación entre centros a través da lectura
- Traballar actitudes positivas cara á lingua a través do contacto entre o alumnado de secundaria co de primaria
- Fomentar a lectura en lingua galega entre os máis pequenos
- Motivar o alumnado de secundaria a seguir lendo en lingua galega
- Concienciar o alumnado de secundaria da necesidade da transmisión da lingua oral.

Descrición: Unha das actividades xa demandadas polo alumnado do ENDL é ir aos colexios de infantil e primaria do concello para lerlles aos nenos

e nenas dos diferentes niveis un conto en galego. Este curso, en principio, imos repetir a experiencia de cursos pasados, indo aos colexios de primaria do concello: CEIP Ana M. Diéguez de Asados, CP Brea Segade de Taragoña, CEIP Castelao e mais ás dúas escolas do CRA coas que sempre colaboramos. Moito do noso alumnado aínda ten irmáns ou curmáns nas escolas e failles moita ilusión volver ás súas antigas escolas e ver a nenos e nenas coñecidos.

En principio esta actividade reservarémola para o final do 2º trimestre, próxima ao Día do libro.

Temporización: 2º trimestre (marzo)

Colaboración: biblioteca, colexios de primaria (CRA de Rianxo, CEIP Castelao de Rianxo, CEIP Ana Mª Diéguez de Asados e CEP Brea Segade de Taragoña)

Orzamento: 0 euros (Fotocopias necesarias a cargo do presuposto do centro)

- Queres máis? Animando a ler en galego

Obxectivos:

- Animar a que o alumnado, o profesorado, así coma o persoal non docente, se anime a ler na nosa lingua.
- Promover o libro escrito en lingua galega.

Descrición: Deseñamos para iso unha campaña en varias fases:

Na primeira partiremos dun cartaz que se titula “Queres máis?” E a idea é animar aos lectores a que se mergullen nunha oferta de libros en galego que non son os obrigatorios da aula. Dado que non existe promoción do libro en lingua galega nin nas librerías, nin por parte das institucións, consideramos fundamental esta actividade.

Imos realizar unha montaxe coas portadas e o comezo de cada un dos libros seleccionados na biblioteca para colocar nun taboleiro e animar á súa lectura. A cada lector váiselle dar un pequeno agasallo se escribe a súa opinión nas páxinas da revista dixital “Bico da ría”.

Nunha segunda fase tentaremos arrancar un concurso que consiste en colocar cada semana unha páxina dun libro e varios autores ao lado para que os participantes escollan o posible autor. Imos tentar dinamizar a lingua a través da literatura galega actual. Cada gañador irá acumulando puntos que se pasarán a premios ao final do trimestre.

Será un grupo de alumnos e alumnas os que escollan obras e autores/as

Orzamento: 30€ para premios e organización da cartelería

Colaboración: biblioteca, departamento de lingua galega

Temporización: 2º trimestre (abril: próximo do día do libro)

Actividade 3: Cinema en galego

Descrición: O alumnado non ve nunca cinema en galego xa que case non ten distribución comercial e eles non acoden a Santiago ás salas existentes, ademais a TVG non está entre as canles que sintonicen. Daquela organizamos xa hai un par de anos a actividade de “Curtas en galego”. Este curso tamén a estamos a desenvolver esta actividade nos recreos, á que lle sumamos outra de cinema galego, que describimos a continuación:

1- Sesións de cinema en galego

Descrición: Cada mes vaise proxectar unha película galega feita en galego coa intención de provocar un debate e mesmo a elaboración de produtos que fagan referencia á mensaxe do filme. Unha profesora do ENDL é a encargada de escoller, xunto cun grupo de alumnos/as de 2º Bac, os filmes que se van proxectar. Elabórase unha ficha da película para explicala previamente e

despois da proxección faise un coloquio arredor do tema e do filme en si entre todos os asistentes.

Temporización: un venres ao mes (a partir de xaneiro)

Orzamento: 0€

Actividade 4: Coñecemos persoeiros vivos

Obxectivos específicos:

- Eliminar prexuízos existentes sobre a literatura e a música galegas, facéndoas máis próxima da man dos seus autores e das súas autoras.
- Eliminar prexuízos existentes sobre o uso da lingua galega nas artes, nas ciencias, na tecnoloxía...

Descrición:

Sen que se vexa coma unha actividade académica, procuramos sempre ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de contactar con especialistas que lles poidan achegar de primeira man a súa sabedoría sobre o tema que dominan ou ben contactar con escritores que lles poidan vir falar directamente da súa obra. Neste réxime xa pasaron polo centro moitas personalidades e este curso continuaremos intentando abrir fronteiras e contactar con persoeiros de diferentes ámbitos que utilicen como lingua vehicular o galego. De momento, aínda non conseguiremos fixar ningún para este curso.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 300 €

Actividade 5: Félix Muriel no mundo audiovisual

Descrición: Co obxectivo de promocionar a nosa cultura e potenciar o uso do galego no mundo audiovisual, eliminando prexuízos, darase formación para a creación de materiais audiovisuais. O curso pasado comezouse coa formación dun pequeno grupo de alumnos e este ano incrementarase o seu número polo que de novo solicitaremos contar coa axuda e formación de especialistas.

Os vídeos resultantes, elaborados polo alumnado, poderán participar nos concursos que o ENL organizará e serán difundidos a través das nosas contas nas redes sociais. Tamén publicaremos estes vídeos con códigos QR que dispoñemos en diferentes lugares, coa finalidade de que toda a comunidade educativa e incluso xente do concello poda acceder a eses vídeos e como consecuencia participe no noso proxecto como espectador e receptor das obras creadas polo noso alumnado.

Esta será unha actividade interdisciplinar na que contaremos coa colaboración de case todos os departamentos do centro, dándolle impulso así a utilización da lingua galega en tódolos ámbitos.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 1000€ (custo da formación)

Actividade 6: Axenda Cultural

Descrición: Dado que desexamos promocionar a nosa cultura parécenos importante non só crear actividades, senón publicitar aquelas organizadas por outros organismos, polo que con tal fin e, desde o departamento de Música, propóranse traballos e actividades dirixidas a difundir entre o noso alumnado propostas culturais de fontes diversas. A isto sumaráselle a difusión que o ENL faga a través das redes sociais.

Crearase nesta actividade un calendario virtual ou físico no que poder ir colocando e publicitando tódalas actividades que consideremos dignas de interese para a comunidade educativa.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 0 €

Actividade 7: As nosas mulleres

Descrición: A proposta dun membro do equipo valórase a idea de asignar o nome dunha muller importante a cada un dos corredores dos nosos edificios, coa finalidade de difundir a figura de mulleres galegas ilustres en diferentes ámbitos

Temporización: todo o curso

Orzamento: 150 € Coste de plastificación de cartolinas, cartolinas, rotuladores, etc

LIÑA DE TRABALLO 5- CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN

Imos realizar campañas de concienciación, algunas delas con varias accións:

Actividade 1- Calendario escolar

Descrición: Acordamos este curso elaborar calendarios mensuais para que o alumnado poda organizar as súas actividades e probas. Estes distribuiranse a través dos titores e estarán expostos de forma continua nas diferentes aulas. Aproveitaremos esta actividade para divulgar a importancia das mulleres nos diferentes ámbitos da vida, polo que asociaremos a cada mes a figura dunha muller galega coñecida e importante nalgún ámbito: artes, ciencias, deportes, letras, tecnoloxías, Volveremos a incidir na importancia da muller seleccionada no programa de radio do mes correspondente.

Temporización: 1º trimestre

Orzamento: 60 € (fotocopias a cargo do centro)

Actividade 2: Faladoiros. Fala comigo!

Obxectivos:

Establecer un espazo para que o alumnado castelanfalante se desenvolva en galego nun contexto informal e con rapazada da súa idade.

Descrición da actividade:

Debido ao aumento de alumnado castelanfalante no centro, vaise establecer unha rede de voluntariado para axudar a este alumnado a mellorar a súa competencia en lingua galega, sobre todo en contextos informais.

Estableceranse os días e as sesións semanais, logo de coñecer a demanda por parte do alumnado. A día de hoxe xa temos un profesor voluntario para continuar con esta labor (Perfecto), mais pensamos que pronto se sumarán máis membros, de precisarse a súa participación. O profesorado dinamizará e animará aos grupos nun primeiro momento para arrancar, pero logo só van estar pendentes de que non haxa problemas nos grupos, xa que se reúnen nun espazo no que van estar sós.

Cada vez que participen nos faladoiros váiselles cuñar unha folla e logo hanse premiar ao final.

Temporización: todo o curso.

Orzamento: 70 € para agasallos, as fotocopias para os carteis anunciadores irán a cargo do centro.

Actividade 3.- Ciencia en Galego

Obxectivos

- Eliminar prexuízos sobre os usos do galego en determinados ámbitos
- Demostrar que o galego é válido para todos os ámbitos, nomeadamente no mundo científico
- Espertar a curiosidade do alumnado polos usos da lingua en diferentes situacións

Descrición: Traballarase durante todo o curso, dado que detectouse que parte do alumnado ten un prexuízo importante instalado: o galego non serve para o ámbito científico. Daquela organizaremos actividades no centro destinadas a paliar este estigma, tal como levamos facendo durante anos. Prepararanse cartaces sobre o Día da Ciencia en galego, insistindo na idea de que a nosa é unha lingua válida para as ciencias. Así foise preparando o ambiente para darlle cabida á **Exposición sobre mulleres científicas** ,

creada pola Biblioteca Ánxel Casal de Santiago e prestada ao noso IES grazas a mediación do coordinador de Normalización do Concello .

A estas actividades sumarémolle a difusión da importancia de figuras galegas femininas no mundo das ciencias a través dos calendarios mensuais e a través dos programas de radio.

Na semana do 5 ao 9 de novembro valoraremos a posibilidade de potenciar a valoración do noso patrimonio a través da recreación de laberintos e pretroglifos

Orzamento: 1000 € para material diverso

Temporización: semana do 5 ao 9 de novembro (exposición) e todo o curso a difusión de mulleres científicas galegas importantes.

Actividade 4: As nosas festas en galego

Coa premisa de que é imposible normalizar unha lingua se non se normaliza a súa cultura, desenvolvemos actividades encaixadas no calendario anual pero sempre con tintes normalizadores. Este ano continuamos centrándonos nas máis populares: O Samaín, O Nadal e o Entroido. Con todo consideramos que as celebracións anuais teñen que estar inseridas nun proxecto de centro e do ENDLG ou, no caso contrario, non teñen finalidade educativa nin normalizadora e o que fan é confundir o Equipo de dinamización co de actividades extraescolares. As celebracións teñen sentido se entran dentro do Proxecto Educativo de centro que ten que ter uns obxectivos claros en canto á normalización da lingua. Como un destes é o fomento da nosa cultura, desde o ENDL consideramos fundamental termos unha cultura normalizada para que a lingua poida tamén normalizarse. É desde este enfoque desde o que fomentamos o Samaín fronte ao Halloween, por exemplo.

1.- O Samaín en galego

Obxectivos:

- Fomentar a nosa cultura a través do Samaín fronte á invasión cultural americana que se dá por esas datas
- Ligar a lingua a unha cultura e unhas orixes propias

Descrición: Sempre, pero de maneira moi especial en actividades coma esta, precisamos de insistir en que o noso traballo é normalizador e non pretendemos confundir esta actividade con unha extraescolar. Buscamos que o alumnado, profesorado e familias tomen conciencia da nosa cultura propia para que o Samaín teña o seu oco ao lado, sabendo que é moi difícil que o poida substituír, do Halloween. Esta actividade organízase co alumnado de 1º, recién chegado ao centro para que teña o seu primeiro contacto coas dinámicas do equipo, os lugares e formas de traballo, a colaboración entre alumnos e alumnas diferentes e descoñecidos... Reciben unha mensaxe de conciencia cultural e lingüística: temos unha festividade propias cunhas raíces moi antigas que nos identifica como pobo que ten unha orixe e unha lingua distinta. Con este obxectivo deseñáranse cartaces.

Ademais poderase organizar -en colaboración coa biblioteca un Concurso de micro-relatos de medo (anuncio na revista bicodaria e difusión a través de Twitter, facebook e/ou instagram) e/ou un programa especial de radio.

Neste curso, aparte de anunciar o Samaín grazas a activa colaboración do alumnado do ENL, colaboraremos co profesorado e alumnado de Ciclo no día de celebración do Samaín. O alumnado de Ciclo preparará os pratos típicos destas datas e dixitalizará as receitas, de tal maneira que a comunidade educativa non so teña acceso aos produtos preparados, senón que tamén poderá preparalos seguindo as receitas dixitalizadas e publicadas nas nosas redes sociais, na nosa revista e/ou no noso blog.

O alumnado doutros grupos pedirá aos seus maiores que lles expliquen receitas, estas serán gravadas e formarán parte dun arquivo sonoro que será dixitalizado. Con todo isto, e coa colaboración do profesorado de Plástica, elaborárase un libro “As receitas da memoria”

Temporalización: outubro e 1ª semana de novembro

Destinatarios: toda a comunidade educativa

Orzamento: 30 € impresións en color, materiais para cartaces e 70 € para premios do concurso.

2.- Nadal: Agasalla en galego

Obxectivos:

- Promover o uso do galego no Nadal
- Fomentar o uso do galego nos agasallos e os agasallos en galego
- Difundir unha iniciativa normalizadora coma a web agasallo.eu
- Lanzar mensaxes normalizadoras

Descrición: O curso pasado centrámonos no deseño dunha campaña de concienciación arredor dunha cuestión que vai unida ao Nadal: os agasallos. Así, programamos tres accións que estaban directamente relacionadas:

1- Dar a coñecer a páxina web **agasallo.eu**, tanto na nosa revista dixital, na que se publicaron varios artigos dando conta das diferentes seccións, como cunha **exposición** en papel con impresións de moitos dos produtos de cada un dos apartados. O Concello de Rianxo foi quen nos axudou coas impresións en color.

2- Deseñar e repartir uns adhesivos con lemas diferentes pero relacionados e con deseños tamén diferentes e combinados.

3- Deseñar e expoñer uns cartaces cos dous lemas que aprobamos para esta campaña e que tiñan relación directa cos elementos anteriores

Neste curso continuaremos coa difusión da páxina web agasallo. Eu e deseñaremos novos adhesivos co fin de normalizar o uso da lingua galega.

Temporalización: decembro.

Orzamento total da actividade: 100 € (adhesivos)

3.- Entroido autóctono galego

Obxectivo: normalizar a nosa cultura tradicional ao mesmo tempo que a ligamos coa nosa lingua

Descrición: Elaboraremos un tríptico no que se fale do Entroido tradicional galego como o que xa publicamos hai anos. Pero agora vai estar renovado tanto no deseño como na información, xa que imos insistir na idea da normalización cultural ao lado da lingüística. Tamén imos realizar un cartaz no que se anuncie a existencia do noso entroido autóctono.

- **Destinatarios:** toda a comunidade educativa
- **Temporización:** 2º trimestre
- **Orzamento:** 60 euros

Actividade 5: Abrindo portas á Lusofonía

Obxectivos:

- Achegar a cultura e a lingua portuguesa ao noso alumnado
- Aproximar o alumnado ao país lusófono

- Eliminar prexuizos cara a Portugal, os seus habitantes e os seus costumes
- Ter a oportunidade de poñer en valor a súa lingua ao ver que se entenden coa cidadanía portuguesa desde o galego.
- Coñecer o patrimonio material e inmaterial que temos en común
- Premiar o traballo do alumnado no ENDL

A).- Entendémonos en Portugal

Descrición: A idea de ligar o galego e a lusofonía como elemento normalizador para a nosa lingua xa hai tempo que está presente na nosa programación e imos seguir con ela. Para iso organizaremos saídas a Portugal e un intercambio cun centro de ensino do norte de Portugal.

Colaboración: departamento de Lingua galega, instituto portugués

Temporización: 2º e 3º trimestre

Orzamento de toda a activ. : 1800 euros para os autobuses que serán pagados polo alumnado participante.

B)- Portugués: ponte do galego para o mundo

Descrición: Ademais de cubrir os obxectivos xerais, con esta actividade pretendemos mostrar a toda a comunidade educativa que o portugués lle supón ao galego unha porta aberta para o mundo, así como evidenciar que é unha lingua próxima e perfectamente intelixible polo conxunto da poboación, sobre todo a galegofalante.

Así na **semana do 25 de abril**, ademais de facer un acto simbólico con caraveis, imos poñer nunha das salas de informática unha serie de xogos de léxico básico que os Instituto Camões ten albergados na súa páxina, tanto para profesorado como para alumnado. Por outro lado, imos expoñer unhas

presentacións na televisión que está no corredor central, sobre a lusofonía e as súas diferentes manifestacións culturais durante esa última semana de abril.

Alumnado das aulas de portugués van elaborar folletos e cartaces sobre distintos aspectos destacados de cada un dos países da Lusofonía e a súa unión coa nosa lingua. Estes vanse repartir tamén o 25 de abril.

Vaise celebrar tamén a nivel de centro o Día de Camões e as comunidades lusófonas (10 de xuño) e o Día da lingua e cultura portuguesas (6 de maio). Faranse lecturas de textos na biblioteca e nos corredores do centro, pegaranse murais dando a coñecer autores e textos fundamentais da literatura portuguesa e difundirase información básica sobre as comunidades lusófonas nas que, desde o galego, se poden facilmente entender.

Colaboración: departamento de Lingua galega

Temporización: 2º, 3º trimestre

Orzamento: 50 euros cartaces e material diverso

Actividade 6: Familias diversas - Familias divertidas

Durante todo o curso faranse múltiples actividades, aínda por organizar, defendendo a igualdade de tódalas persoas e loitando contra todo tipo de discriminacións.

Dentro deste apartado, o alumnado de 1º e 2º de bacharelato realizará actividades diversas relacionadas coa igualdade e exporá os seus traballos ante o alumnado de 1º de ESO para conciencialo da necesidade de defender a igualdade de tódolos homes e mulleres, independentemente das súas condicións. Todo este labor levarase a cabo cunha perspectiva normalizadora.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 70 € para material e detalles para o alumnado de 1º Bacharelato

Actividade 7: O Galego no noso IES

Este ano volveremos a facer unha enquisa sobre hábitos lingüísticos entre o alumnado de 1º ESO, o obxectivo é detectar se o uso do galego diminuiu ou aumentou nas últimas xeracións, así como tamén poñer de manifesto e constatar a existencia de prexuízos lingüísticos que afectan ao uso e á valoración da lingua galega. Consideramos que ser conscientes dos prexuízos é o primeiro paso para loitar contra estes, de aí que, unha vez realizadas as enquisas, elaboraremos gráficas coas estatísticas que serán analizadas e expostas no centro.

Temporización: 1º, 2º trimestre

Orzamento: 50 euros cartaces e material diverso

LIÑA DE TRABALLO 6.- HOMENAXES AOS PERSOEIROS DE 2018

Actividade 1: Difundir a figura homenaxeada nas artes galegas 2019

Obxectivos:

- Dar a coñecer a figura que se homenaxeada este ano (**Luís Seoane**) e mais a súa obra.
- Promover a normalización da lingua desde a promoción cultural, a partir da figura homenaxeada.

Descrición: Vanse elaborar cartaces, artigos na revista e vídeos para dar a coñecer a figura de Luís Seoane. Con esta actividade tentamos tamén lanzar a mensaxe de que na nosa terra existen grandes persoaeiros ligados ás artes.

Temporización: 2º trimestre

Orzamento: 40€ (cartaz)

Colaboración: Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA), departamento de plástica

Actividade 2: Letras Galegas 2018: Homenaxe a Antón Fraguas

Obxectivos:

- Dar a coñecer a figura de Antón Fraguas en todas as súas facetas
- Promover a normalización da lingua desde a figura do persoeiro homenaxeado nas Letras Galegas.
- Dar a coñecer a obra da autora.

Exposición sobre a obra de Antón Fraguas

Descrición: Polo centro vai estar o autor homenaxeado polas paredes dos corredores dos dous edificios. Ademais de anunciar que é o homenaxeado este ano polas Letras Galegas, queremos que se coñeza a súa obra. Aínda non temos pechadas as accións concretas pero acabaremos cubrindo eses obxectivos.

Destinatarios: Toda a comunidade educativa do IES e cidadanía que pase por diante de IES.

Colaboración: departamento de plástica, biblioteca (compra de libros), departamentos de LGL e LCL.

Temporización: 2º e 3º trimestre

Orzamento: 60€ (cartaces)

Escoitamos a súa obra. Concurso de lectura en voz alta

Descrición: Vanse organizar varias accións para darlle voz á obra de Antón. Por un lado **unha lectura colectiva** da obra de na Semana das Letras por parte de toda a comunidade educativa. Comezaremos durante os recreos. Rematarase a lectura o mércores 15 e o xoves 16, momento no que se celebrará un **Concurso de lectura en alto**. As lecturas realizaranse, en principio, na biblioteca durante os recreos da semana previa ás Letras. O xurado formarano membros do profesorado pertencentes e non pertencentes ó EDLG e algúns membros do alumnado do EDLG, que se presenten voluntarios. Tentaremos conceder dous premios especificando categoría segundo o nivel académico

Na mesma semana que hai o concurso, vanse realizar lecturas fóra de concurso que levaremos polas aulas.

Orzamento: 40 € premios e material para cartaces

Temporización: maio

LIÑA DE TRABALLO 7: NORMALIZAR A TRAVÉS DOUTROS PROGRAMAS DO CENTRO.

7.1.- Intervención desde o Tratamento Integrado de Linguas

Obxectivos:

- Normalizar o uso da lingua a través da coordinación con todos os departamentos de lingua
- Realizar actividades coordinadas de cara a sacar un produto final en lingua galega.
- Eliminar prexuízos entre o alumnado ao tratar a realidade plurilingüe desde todas as materias
- Acadar acordos sobre cuestións que afectan á competencia lingüística e preparar o terreo para poñelos en práctica
- Practicar e difundir un plurilingüismo inclusivo desde o galego

Descrición:

Cada semana reunímonos o profesorado dos departamentos de linguas coa intención de reflexionar e acadar acordos arredor de múltiples aspectos do Tratamento Integrado de Linguas. Xa temos acordado unha terminoloxía común e estamos no proceso de distribuír os contidos. Neste proceso é importante que a realidade plurilingüe do noso territorio e do mundo, para eliminar prexuízos entre o alumnado, se trate desde as diferentes materias.

Tamén se busca un método de traballo similar que leve a avanzar nunha única dirección para mellorar considerablemente a competencia lingüística do alumnado e que perciban que o galego se ensina e se avalía da mesma maneira ca o resto das materias, non habendo unhas linguas máis fáciles nin máis difíciles ca outras.

Como Equipo de dinamización da lingua galega procuramos normalizar a nosa lingua a partir dunha planificación conxunta dos departamentos que apoie o fomento do galego. Pequenos logros que xa levamos conseguidos van desde o

compromiso do departamento de Lingua castelá e literatura para abordar o tema das diferentes Linguas de España, ata trazar unha liña común de corrección lingüística dos textos escritos en ambas linguas en calquera materia do currículo, pasando por moitas outras accións que se van implementando conforme avanza o curso.

Ademais o profesorado que estamos no TIL promovemos o traballo por proxectos, polo que imos procurar sempre sacar un proxecto común, cunha tarefa final en lingua galega que recolla todo o aprendido tamén no resto das materias. O uso do galego con esta finalidade consideramos que é unha maneira moi importante de eliminar prexuízos.

Destinatarios: Todo o alumnado

Temporización: Todo o curso

Orzamento: 0€ , as fotocopias serán costeadas polo centro

7.2.- O Equipo no programa TEI

Obxectivos:

- Axudar á normalización lingüística do alumnado a través das actividades do programa TEI
- Fomentar o galego nas relacións entre o alumnado que se incorpora novo ao centro (cada vez máis castelanfalante
- Fomentar o galego como elemento de integración no centro escolar para o alumnado de nova incorporación.

Descrición :

Desde que nos incorporamos hai algo máis de dous anos no programa TEI, o ENDL está sempre presente para normalizar o uso da lingua neste terreo. Hai un seguimento de todos os documentos e textos escritos que se producen para que se axusten á normativa, para que todo saia traducido (os materiais

orixinais do programa estaban en castelán) e para que o alumnado titor e titorando empregue o galego e, sobre todo, que os galegofalantes non abandonen a súa lingua se o seu parceiro non a usa.

Temporización: todo o curso.

Orzamento: 0€

LIÑA DE TRABALLO 8. EFEMÉRIDES

Obxectivos :

1- Empregar o galego en todas as efemérides que se celebren no centro, nomeadamente aquelas que teñan unha grande repercusión, tanto pola cantidade de alumnado e profesorado afectado, como polo seu impacto.

As **accións** que imos realizar este curso para desenvolver esta actividade son:

Actividade 1- Día contra a violencia machista

Descrición: Coma todos os anos, desde hai cinco, desde o ENDL organizamos actos contra a violencia machista, centrados no día 25 de novembro. As actividades serán diversas: elaboración de cartaces, lecturas, creación de artigos, vídeos, programas de radio...

Temporización: novembro

Orzamento: 100 € para material diverso

Actividade 2- Día de Castelao

Descrición: Celebraremos, coma todos os anos o Día de Castelao conmemorando o seu nacemento, que ademais cadra co Día da Paz. Daquela organizaremos diversas actividades: programa de radio, elaboración de cartaces, vídeos, ...

Este curso na Semana de Castelao faremos unha actividade interdisciplinar (TIL), na que xunto con nós participarán os departamentos de lingua inglesa, lingua galega e lingua francesa. A idea é facer unha lectura plurilingüe da obra *Sempre en Galiza* coa finalidade de resaltar o valor da obra e a universalidade desta. Para a lectura en lingua inglesa aproveitaremos a

publicación da obra Forever in Galicia. (versión en inglés do Sempre en Galiza de Castelao, traducido por Craig Patterson) que foi presentada no concello de Rianxo en outubro de 2018. Ao acto de presentación da obra que se realizou no Salón de actos do Auditorio do Concello asistiu alumnado voluntario e tamén representantes do grupo da radio do Equipo de Normalización que lle fixeron unha entrevista ao tradutor ao Craig Patterson.

Temporización: 28 de xaneiro ao 1 de febreiro (semana de Castelao)

Orzamento: 50 €

Actividade 3- Día de Rosalía

Descrición: Coma todos os anos, anunciaremos o Día de Rosalía desde a semana previa e organizaremos dúas actividades principais, unha centrada na xa tradicional lecturas de poemas que ten como peche un concurso recitado de poesía e outra na difusión dos seus versos, así como na creación de videopoemas.

Lectura e recitado: Este curso animaremos ao noso alumnado a que fagan un recitado dramatizado de poemas de Rosalía. Convocaremos un concurso para valorar as lecturas e premiar ao alumnado pola súa colaboración.

Café con versos: Imos repartir durante a Semana de Rosalía versos da autora desde a cafetaría. Imprimiremos en cartolinas de cores versos da poeta que imos deixar na cafetaría para que o responsable poña un en cada café que sirva.

Elaboración de videopoemas: O alumnado vai ter a oportunidade de realizar videopoemas con poemas de Rosalía. Váiselle dar un premio ao mellor videopoema.

Temporización: febreiro

Destinatarios: alumnado

Colaboración: biblioteca, cafetería

Orzamento: 70 € para os premios dos concursos de recitado e videopoema

Actividade 4.- Día da Lingua materna

Descrición: Celebraremos, igual ca estes anos atrás, o Día da Lingua materna, 21 de febreiro, cunha xornada reivindicativa da lingua propia

Temporización: 19 a 23 de febreiro

Orzamento: 0 €

Actividade 5: Día internacional da muller

Descrición: Para continuar coa defensa dos dereitos da muller e darlle continuidade aos actos de reivindicación do 25 de novembro, acordamos propoñerlle ao alumnado que realizase unha actividade de cara ao Día 8 de marzo (Día internacional da muller). Chamarase “**Finais novos para contos vellos**” e trátase de que o alumnado elabore uns finais diferentes para os contos tradicionais e mesmo para os que están recreados nos filmes de Disney, onde a muller se presenta como un apéndice do home, sometida por unha sociedade patriarcal.

Vaise ofrecer un premio para o mellor conto en dúas categorías diferentes.

Consideramos que a defensa do papel da muller na sociedade debe ir máis aló das actividades dun día ao ano, polo que durante todo o curso buscaremos defender ese importante papel a través de diferentes actividades interdisciplinares: calendarios mensuais, artigos na revista, radio, exposicións, charlas... Seguindo esta premisa, proporemos no claustro a rotulación das aulas específicas (música, informática, plástica...) con nomes de mulleres importantes neses ámbitos co fin de difundir a importancia destas na sociedade. Xunto a

esta rotulación permanente poderá haber un cartaz elaborado polo alumnado coa imaxe da muller e datos significativos da súa biografía e obra. Tamén contribuiremos á defensa e revalorización do papel da muller na sociedade asignándolle un espazo a mulleres importantes en cada un dos calendarios elaborados e distribuídos entre o alumnado coa finalidade de que este organice as datas dos seus exames, traballos, etc. (ver apartado 5.1)

Orzamento: 50 € para premios. + 300 rotulación e material cartaces

Temporización: todo o curso (Realizaranse actividades especiais o 8 de marzo)

Actividade 6- Semana da diversidade (funcional, sexual, cultural...)

Nos últimos anos celebrouse no noso centro a Semana Solidaria na que participamos dando difusión ás actividades e participando nestas. Este ano acordouse cambiar a denominación por Semana da Diversidade, entendendo que este é un termo máis amplo. Os obxectivos das actividades e proxectos que se organizarán e desenvolverán serán:

- fomentar a igualdade en tódolos niveis
- evitar estereotipos
- eliminar prexuízos sociais, sexuais, culturais, lingüísticos...

O Enl novamente colaborará tanto nas actividades como na difusión destas a través das redes.

LIÑA DE TRABALLO 9: O ENL DO FÉLIX MURIEL VIAXA

Actividade 1. O Intercambio

Obxectivos específicos:

- Eliminar prexuízos entre o alumnado arredor do uso do castelán como lingua franca para dirixirse a persoas descoñecidas.
- Ofrecerlle ao alumnado do EDLG a oportunidade de compartir experiencias con outras persoas da súa idade.
- Responsabilizar o alumnado do EDLG do traballo do equipo, ao facerse cargo da organización das actividades do intercambio.
- Entrar en contacto con rapazada dunha realidade social, cultural e lingüística diferente.
- Afondar máis na propia realidade, contorno socioeconómico e cultural debido a que son os membros do EDLG os encargados de explicar as formas de vida do concello, así como de facer o roteiro literario pola vila de Rianxo.
- Poñer en valor a lingua propia do alumnado rianxeiro que vai actuar de “guía lingüístico” para os do outro centro

Descrición:

Este curso temos previsto volver organizar un intercambio entre os membros do noso EDLG e os doutro centro de ensino. Sempre buscamos un centro pertencente a un bloque dialectal diferente e cun patrimonio distinto ao de Rianxo e preferimos que o intercambio sexa dos membros do Equipo de normalización e dinamización lingüística.

Aínda que o número de alumnos e alumnas superan a capacidade de un autobús, non adoitamos mover a máis de 50 para non converter o intercambio nunha actividade que non deamos controlado e que ademais descontrola o centro, pois van alumnos e alumnas dos diferentes niveis e de distintos grupos.

O intercambio é unha experiencia moi enriquecedora e educativa para os rapaces e rapazas do equipo pois son eles e elas os que participan activamente

na organización de todas as actividades, que van desde a recepción do alumnado do outro centro ata a lectura de textos dos autores rianxeiros que temos previamente seleccionados.

Sempre ten dúas fases: a visita nosa ao outro centro e a acollida deles no IES F. Muriel (aínda que non sempre mantemos a mesma orde) e normalmente hai unha preparación previa que pasa por unha toma de contacto a través de cartas en primeiro lugar e logo xa por diferentes medios dixitais: redes sociais, whatsapp, correo electrónico... Daquela xa terán certo coñecemento e contacto antes de chegaren ao encontro presencial. Este ano propoñemos nós sermos os anfitrións pois somos os que buscamos parceiros, pero a orde das visitas non é nunca fixa.

Este ano temos coñecemento de que o centro de As Neves, que xa fixo un intercambio hai anos con nós, desexaría repetir a experiencia, polo que valoraremos a posibilidade de levalo a cabo. Intentaremos organizar os encontros para que non se crucen cos das diferentes saídas que existen no centro e que afectan ao alumnado do ENDL.

O intercambio realizarase, como ben sendo habitual, en dous encontros.

O primeiro producirase en Rianxo e para ese día prepararemos diferentes actividades co fin de que coñezan o noso pobo, os nosos autores e sobre todo para que interactúe o alumnado de ámbolos dous centros. Recibiremos ao alumnado do centro que acepte o noso convite e prepararemos unha xincana para coñecer o noso IES, faremos actividades para coñecer aos autores rianxeiros e, finalmente, amosarémolles Rianxo. Durante a primeira parte no centro, tamén irán ao salón de actos onde se lles fará unha presentación do noso concello, do centro e, sobre todo, das actividades do EDLG. Acudirán tamén ao local que temos para traballar onde se lles explicará “in situ” a nosa organización e a forma que temos de funcionar durante os recreos.

O percorrido pola vila desenvólvese noutra especie de xincana coa axuda dunhas fichas (que lles entregamos fotocopiadas) nas que vai información sobre a vila e mais os textos dos autores rianxeiros e inclúen dous mapas en color

coas rutas a realizar. O concello colabora con nós poñendo guías e abríndonos o museo Manuel Antonio e o Museo do mar, onde tamén persoal do concello dá as explicacións pertinentes.

O segundo será no centro do alumnado co que se realiza o intercambio.

Temporización: todo o curso

Colaboración: Concello de Rianxo, departamentos didácticos

Orzamento: 550 euros (autobús + fotocopias das guías, exposición...)

Actividade 2. Saídas didácticas

1 Viaxe ao Caurel

Descrición: A saída didáctica ao Caurel ten tinte normalizador: desde o aproveitamento da riqueza lingüística que presentan os habitantes da zona, dialectalmente con moitas diferenzas respecto á fala de Rianxo e mais á estándar, ata a reflexión sobre a unión da lingua coa terra, é dicir, da representación que fai cada lingua da súa realidade... hai moitos factores normalizadores que motivan esta saída.

Ao alumnado entregáraselle un *Caderno de Viaxe* con tarefas para que o alumnado participe de forma activa nestes aspectos e non asuma que é simplemente unha excursión polo monte.

Temporalización: xuño

Custo: 60 € en fotocopias do caderno de viaxe (Transporte e estancia a cargo do alumnado)

2 Percorridos por Rianxo. Roteiros

Descrición: Ao longo de todo o curso realizaranse varios roteiros pola vila de Rianxo para amosarlle ao noso alumnado e aos visitantes do intercambio unha vila coñecida por ser berce de escritores e artistas de renome e valor universal.

Temporización: 1º ou 2º trimestre

Orzamento: 0 € , fotocopias a cargo do centro

3 Viaxe a Santiago de Compostela

Descrición: No ano 2018 virá a Galicia por primeira vez desde Arxentina a obra de Castelao “ A derradeira lección do mestre” para ser exposta no Museo Centro Gaiás da Cidade de Cultura. Dada a importancia da obra, considerada o *Gernika* galego, intentaremos achegar ao noso alumnado á cidade de Santiago, non so para que admiren e aprecien a obra, senón tamén para que visitando museos e realizando outro tipo de actividades valoren a nosa cultura e arte.

Temporización: 1º ou 2º trimestre

Orzamento: 550 € para transporte

LIÑA DE TRABALLO 10.- NORMALIZANDO EN COLABORACIÓN

Actividade 1: Colaborando co Concello

Obxectivos:

- Xuntar enerxías na misión común de dinamizar a lingua e a cultura galegas.
- Colaborar en accións e actividades concretas que se organicen desde as diferentes concellarías municipais.
- Dinamizar todas as actividades que se organicen desde o Concello.

Descrición:

Este curso continuaremos colaborando co ENL do Concello en todas aquelas actividades normalizadoras da lingua. O primeiro encontro co representante deste equipo xa se produciu en outubro e nel púxose de manifesto por parte de ámbalas dúas partes a boa vontade de cara a traballar en prol da normalización do uso da lingua galega e a eliminación de prexuízos lingüísticos que danan a lingua e a nosa cultura.

Igual ca outros anos, seguimos difundindo todas as actividades da Concellaría de educación e cultura, así como doutras concellarías que poden ter interese no noso alumnado.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 0 €

Actividade 3: Colaborando coa Biblioteca

Obxectivos:

- Colaborar co equipo de biblioteca para fomentar o uso do galego
- Axudar na organización de difusión de accións do Plan da BiblioMuriel
- Dar servizo de tradución e corrección tanto ao Equipo da Biblioteca como e principalmente a outros membros da comunidade educativa (profesorado e familias) que participan en actividades de escrita.

Descrición:

A relación entre o ENDLG e a Biblioteca é moi fluída e desde o Equipo esforzámonos para que sexa así colaborando en todas as actividades que organizan. De feito hai dous profesores que están nos dous grupos de traballo (biblioteca e ENDL) o que provoca que poidamos coordinar actividades con facilidade. As actividades que facemos conxuntamente desde o ENDL xa están descritas, pero logo colaboramos en todas as súas propostas.

Ademais ofrecémonos tanto para a revisión lingüística como para colaborar en calquera acción que teña que ver coa promoción da cultura en lingua galega. Tamén o Equipo da Biblioteca é sensible ás propostas de actividades normalizadoras nas que buscamos o seu apoio.

Temporización: todo o curso

Orzamento: 0€ (encárgase a biblioteca da xestión económica destas accións)

PROFESORADO QUE INTEGRA O EDLG

Todo o profesorado que integra o EDLG se responsabiliza das actividades que se van organizando. Non funcionamos con actividades específicas das que se ocupa un profesor, senón que todo o traballo se vai organizando e dirixindo, segundo as circunstancias e posibilidades, polos diferentes membros do EDLG. Desta forma aparece o denominador “profesorado EDLG” como responsable das diferentes actividades que se deseñan en cada liña de traballo.

Nome.....Departamento

Bretal, M ^a Dolores.....	Música
Brión, Xohán.	Ed. Plástica
Jesús Cimadevila, Carlos de.....	Historia
Cereixo, Amparo.....	Lingua galega
González, María.....	Francés
Hermo, Susana.....	Matemáticas
*Lobato, Xosé M.....	Matemáticas
*Maneiro Iglesias, Mónica	Física e Química
Losada, Emilio.....	Educación física
Martínez, Alfonso.....	Ed. Plástica
Martínez, Martina.....	Orientación
Plaza Sixto, M ^a Paz.....	Lingua galega
Rama, Sofía.....	Lingua galega
Rodríguez, María C.....	Lingua castelá
Vázquez, Xabier.....	Lingua castelá
*Veiga, Ramón.....	Matemáticas

O profesorado que ten o * ten unha relación directa co ENDL e colabora sempre que ten ocasión, pero non participa das reunións nin das decisións.

Todo o profesorado que forma parte do Equipo será convocado a unha reunión no departamento os martes no segundo recreo, mais, como esta non entra dentro do horario lectivo, será de asistencia voluntaria, podendo darse o

caso de que profesorado interesado non poda acudir. Con posterioridade á reunión informárase ao profesorado ausente das decisións adoptadas, ben sexa por vía dixital, ben sexa en persoa.

Catro dos membros do equipo terán asignada unha reunión de ENL dentro do seu horario lectivo (os luns a 6ª h)

Rianxo, 30 de outubro de 2018

Visto e prace

O director

Ramón Veiga

A coordinadora

María Rodríguez